

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 31 de MARZO de 2017**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 31 de marzo, ás DOCE HORAS.

### **ASUNTOS**

[\\*Declaración institucional de apoio aos bolos celtas como ben inmaterial de interese cultural-etnográfico inmaterial, dentro do patrimonio cultural de Galicia.](#)

[\\*Declaración institucional de apoio á infraestrutura ferroviaria entre as comarcas da Coruña e Ferrol.](#)

### **Actas**

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/17, do 24 de febreiro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións da presidencia, da número 5851 á número 9600, de 2017.](#)

### **Comisión de Deportes e Mocidade**

[3.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a execución das obras de renovación da pista de atletismo e mellora de accesibilidade e interiores do complexo deportivo do Campus de Elviña da UDC.](#)

[4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Bertarmiráns Fútbol Club correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización de actividades deportivas no club no ano 2016.](#)

### **Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero**

[5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o programa “Concilia os teus tempos”, servizo de canguros municipais 2016.](#)

### **Comisión de Promoción Económica e Emprego**

[6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación FADEMUR para financiar o proxecto “RURAL TOUR 2016”.](#)

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

[7.-Aprobación da prórroga do prazo de cesión de uso da Milagrosa e modificación das condicións de cesión para a xestión dun centro para enfermos de alzheimer e outras demencias senís \(Complexo Xerontolóxico A Milagrosa\).](#)

[8.-Aprobación do texto e formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para levar a cabo as obras do proxecto construtivo separata do proxecto de rede ciclista metropolitana. Concello da Coruña fase I.](#)

## **Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

9.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2017, primeira fase.

10.-Aprobación do Plan de investimento en vías provinciais 2017, primeira fase e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras.

11.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Mellora e axardinamento da Praza de Compostela en Curtis e do Parque Infantil Mestres Amparo Beleda Manel Chaín en Teixeira”, promovido polo Concello de Curtis, incluído na 1ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016.

12.-Aprobación do proxecto modificado da subministración “Adquisición de colectores, cubrecolectores e composteiros”, promovido polo Concello de Fisterra, incluído na 1ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016 .

## **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**

13.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión para o financiamento da “Subministración de tractor desbravadora de brazo, máquina apisoadora e máquina varredora”.

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo para o financiamento da obra de “Reposición de capa de rodadura no Polígono Industrial de Bértoa”.

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerdido para o financiamento da obra de “Camiño Felgosas a Casaldaia de Arriba (A Barqueira)”.

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerdido para o financiamento da obra de “Camiño Rego da Madeira-límite do Concello (Os Casás) e outros”.

17.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para o financiamento da obra de “Itinerario peonil entre a rúa Maestro Clavé e a rúa José Cornide”.

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dumbría para o financiamento da obra de “Mellora do acceso peonil á cascada do Río Xallas no Ézaro, Fase I: rampla”.

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mugaros para o financiamento da obra de “Melloras no pavillón polideportivo municipal”.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Neda para o financiamento da obras de “Reposición de firmes en Anca por medio de mestura bituminosa en quente”.

- 21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros para o financiamento da obra de “Mellora das instalacións deportivas en Iñás: realización de grada cuberta”.
- 22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello do Pino para o financiamento da obra de “Reforma de vestiarios e cuberta de cantina en campo de fútbol de Reboredo”.
- 23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Trazo para o financiamento da obra de “Senda peonil en Chaián-A Polveira”.
- 24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vedra para o financiamento da “Adquisición dun furgón para o persoal de servizos varios municipais e unha furgoneta para a brigada verde municipal.”
- 25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilarmador para o financiamento da obra de “Asfaltado e aglomerado de vías en Mide, A Viaxe, Breanca e outros”.
- 26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Zas para o financiamento da obra de “Mellora e apertura de pistas forestais 2015”.
- 27.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Reparación interiores en Pegariños e outro”, do Concello de Ames, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 co código 15.3290.0008.0.
- 28.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Rede pluviais polígono do Temple e outras”, do Concello de Cambre, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) adicional 1/2013, co código 13.2101.0305.0, e resolución do contrato coa empresa adxudicataria da obra.
- 29.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Rehabilitación do edificio de usos múltiples de Teixeira” do Concello de Curtis, incluída no Plan de acción social (PAS) 2015 3ª fase (código 2015.3110.0058.0).
- 30.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Mellora do camiño da Ínsua-Fisterra”, do Concello de Fisterra, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0080.0.
- 31.- Aprobación do prego de prescricións técnicas modificado da subministración “Mellora da iluminación no camiño a Ínsua” do Concello de Fisterra, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 3ª fase (código 2015.3110.0071.0).
- 32.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Renovación alumeadado público en varios lugares: Estrada a Igrexa e outros” do Concello de Mañón, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, 2ª fase, apartado convenios, código 2015.3110.0409.0.
- 33.- Aprobación da modificación do proxecto da obra “Ordenación do aparcadoiro de Bastiaqueiro”, do Concello de Oleiros, cofinanciado pola Deputación a través do convenio de colaboración 70/2016.

34.- Aprobación do prego modificado da subministración “Renovación da iluminación na parroquia de Castrofeito: lugar de Santiso e outros”, do Concello do Pino, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 16.3290.0055.0.

#### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

35.- Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de febreiro de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 28 de febreiro de 2017.

36.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 28/02/2017 e proxección a 31/12/2017.

37.-Dar conta da liquidación consolidada do orzamento 2016 da Deputación Provincial a Coruña e do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

38.-Dar conta da Resolución da Presidencia pola que se aproban os plans orzamentarios a medio prazo 2018-2020.

39.-Proposta de desestimación do recurso de reposición interposto pola Central Sindical Independiente y de Funcionarios CSIF contra o acordo de aprobación definitiva da relación de postos de traballo 2017.

40.-Aprobación do Plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019.

41.- Aprobación inicial da modificación do Cadro de persoal, da Relación de Postos de Traballo e do Organigrama 2017.

#### ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial Popular da Deputación da Coruña para que o Goberno da Deputación da Coruña e o Concello da Coruña garanticen o acondicionamento do patio interior do centro da Asociación Down Coruña.

#### ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 31 DE MARZO DE 2017

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 31 de marzo de 2017, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO PSOE

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

|   |                   |
|---|-------------------|
| D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ                           | PP                |
| D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ                     | PP                |
| D <sup>a</sup> . CLAUDIA DELSO CARREIRA             | MAREA ATLÁNTICA   |
| D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO                              | MAREA ATLÁNTICA   |
| D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA                      | PP                |
| D. MANUEL DIOS DIZ                                  | COMPOSTELA ABERTA |
| D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO                       | PSOE              |
| D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> ROCIO FRAGA SÁENZ   | MAREA ATLÁNTICA   |
| D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> ÁNGELA FRANCO POUSO | BNG               |
| D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL                     | PP                |
| D <sup>a</sup> . ROSA GALLEGO NEIRA                 | PP                |
| D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO                       | PP                |
| D <sup>a</sup> SUSANA GARCÍA GÓMEZ                  | PP                |
| D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES                              | PSOE              |
| D. ANGEL GARCÍA SEOANE                              | ALTERNATIVA VV.   |
| D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS             | PP                |
| D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO                            | PSOE              |
| D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN                          | BNG               |
| D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO                             | PP                |
| D <sup>a</sup> MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ               | PP                |
| D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA                         | PP                |
| D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS                       | PSOE              |
| D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO                       | PSOE              |
| D. XOSÉ REGUEIRA VARELA                             | BNG               |

|   |      |
|---|------|
| D. MANUEL RIVAS CARIDAD                               | PP   |
| D. LUIS RUBIDO RAMONDE                                | PP   |
| D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO                           | PSOE |
| D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> GORETTI SANMARTIN REI | BNG  |
| D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO                           | BNG  |

Non asiste o Sr. García García.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supeví, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

#### Sr. Presidente

Bos días a todos e a todas, empezamos esta sesión ordinaria de Pleno cunha triste noticia que hoxe recordamos, recoñecendo a figura do poeta e percebeiro da Costa da Morte, Paco Souto, para o cal a nosa compañeira Goretti Sanmartín quere dedicarlle a lectura dun dos seus poemas.

#### Sra. Sanmartín Rei

Moi bo día, compañeiros e compañeiras de Corporación, medios de comunicación e público asistente. Como comentaba o presidente da Deputación onte foi un día tristísimo, onde houbo un accidente trágico, acontecido como a tantas outras persoas que morren no mar traballando, faenando neste caso, dunha persoa membro, xustamente concelleiro, no Concello de Malpica, cuxo alcalde, tamén compañeiro de Corporación, onte fixo unha declaración institucional decretando un día de loito neste día que estamos hoxe, que tamén o despediremos dentro de poucas horas, na súa xa derradeira viaxe, queríamos lembrar a este compañeiro, poeta, percebeiro, activista cultural, unha persoa animosa, un membro dunha xeración, a xeración dos noventa, que fixo un grupo, un grupo sólido, un grupo consistente, e que sempre foi un animador, un animador de toda canta actividade cultural houbo, unha persoa disposta a traballar sempre e que fixo ademais de motivador de moitas outras persoas para que tamén se dedicasen á poesía. Unha voz, desde logo, como voz poética que estou segura que vai pasar á historia e que cada vez serán máis as persoas que coñezan e que volvan a súa obra como referente fundamental.

Así que vou ler xustamente como homenaxe, e como o Concello de Malpica, toda esa vila hoxe realmente está de loito, como o estamos tamén toda a familia nacionalista, vou ler un poema titulado Malpica, xustamente dedicado a esta vila, e que di o seguinte:

As Sisargas,  
O vaso de cristal no que me agosto,  
A xente que non pasa  
De entre o tumulto,  
Salvo o poema dos teus ollos  
Como podería salvar selvas

Nun naufraxio.  
No principio  
Foi a escrita  
Eu, o construtor de palabras,  
Eu, que abandonei o oficio,  
Eu,  
Eu, que nada son  
Eu egoísta egocéntrico,  
Escrita enfiada na vida.  
A miña valía para re-nomear as cousas  
E os sentimentos  
Escrever  
Podo escribir  
Para despois da derrota  
A escrita é a trave de ouro  
O cerne mesmo do meu mundo?  
O cerne mesmo do mundo?  
O mundo  
Eis o que importa  
Ser  
Fazer  
Gozar  
Viver  
Ir  
Ir no centro mesmo da maré  
Cos teus ollos de vendaval á fronte.

Que a terra che sexa leve, Paco.

#### Sr. Presidente

Empezamos lendo dúas declaracións institucionais.

#### Sr. Secretario

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presentan a seguinte,

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AOS BOLOS CELTAS COMO BEN INMATERIAL DE INTERESE CULTURAL-ETNOGRÁFICO INMATERIAL, DENTRO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA**

O xogo dos bolos está presente nas catro provincias de Galicia, practicándose dende a antigüidade en case todos os noso pobos, sendo numerosas as variantes e modalidades deste deporte e xogo tradicional. Na actualidade, algún destes xogos gozan de boa saúde, outros están agonizantes ou case non se practican, e outros moitos xa desapareceron.

Este xogo foi practicado dende a prehistoria, na que se utilizaban como bolos e bolas ósos, madeiras e pedras. Son numerosas as referencias arqueolóxicas e



descubrimentos onde se demostra que na antigüidade este xogo existía en distintos lugares do mundo.

En Europa aparecen numerosos escritos nos que se fala da súa práctica, e onde se menciona que se xogaba dentro das igrexas e monasterios, así como en numerosas prazas públicas.

En Galicia atopáronse petróglifos en distintos concellos, que nos indican que son moitas as variantes que existían. Tamén cabe salientar que os Bolos tiveron moitísima forza durante os séculos XIX e XX, unha época en que se practicaban en case toda Galicia durante as festas e feiras que se realizaban.

Xogaban aos bolos todas as clases sociais, dende nobles ata a rapazada algo de que fican testemuños na obra de numerosos escritores. Outra pegada da súa relevancia son os dous tapices que se encontraron no museo da Catedral de Santiago da época de Filipe II. Tamén se encontran citados en numerosos escritos realizados pola Igrexa e polo Estado prohibindo a súa práctica.

Son numerosas as teorías con relación á instalación dos Bolos en Galicia mais, sexa como for, os Bolos están espallados por toda Galicia, con numerosas e distintas formas de xogar.

Todas estas variantes forman un legado cultural importantísimo que demostra, máis unha vez a riqueza que temos nas nosas mans.

A día de hoxe son numerosas as variantes que se practican, e a pesar de que os xogos tradicionais se están a recuperar, podemos asegurar que esta aparencia de boa saúde no mundo dos Bolos é moi precaria.

Por distintos motivos o certo é que os Bolos foron desaparecendo de moitos lugares: Unha proba diso é que existen numerosos campos de xogo coas súas correspondentes pedras de colocación e patio de tiro e son moi poucas as persoas que recordan a súa práctica.

Na provincia da Coruña xóganse a 2 modalidades en varios concellos como Ribeira, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Dodro. En total estanse a xogar 16 modalidades diferentes no conxunto do país e 3 desapareceron, das que temos constancia, aínda que poden ser máis.

Tamén foron levados para América pola emigración das/os galegas/os que levaron o noso patrimonio cultural. Mostra diso son as modalidades que se practican nos Centros Galegos de Arxentina e Uruguai.

E o certo é que se estenderon por todas as súas provincias, creando multitude de variantes do xogo, deixándonos unha riqueza cultural e un grandísimo ben de interese cultural e inmaterial. Como froito desa convivencia e da súa práctica ao longo de tantos anos estes sufriron unha evolución e unhas variacións que son propias e exclusivas da nosa terra. Deste xeito os Bolos constituíronse como un patrimonio cultural e etnográfico de necesario recoñecemento e protección.

Isto mesmo sucedeu noutras comunidades como Asturias, Cantabria, País Vasco e Andalucía onde xa foron declarados como Ben de Interese Cultural e Inmaterial, polas súas respectivas administracións.

## POR TODO ISTO, FACEMOS A SEGUINTE DECLARACIÓN

É cometido de todas/os as administracións públicas a súa difusión, fomento, divulgación e protección, polo que o Pleno da Corporación provincial da Coruña súmase á petición da Federación Galega de Bolos para que os bolos celtas sexan declarados polo Parlamento Galego como Ben Inmaterial de Interese Cultural-Etnográfico Inmaterial, dentro do patrimonio cultural de Galicia .

E a segunda declaración institucional tamén asinada por todos os portavoces dos Grupos políticos, é a seguinte:

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña (Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdeG-PSOE e Partido Popular) presenta a seguinte:

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á INFRAESTRUTURA FERROVIARIA ENTRE AS COMARCAS DA CORUÑA E FERROL.**

A comezos do presente mes de marzo o Parlamento Galego debatía unha iniciativa que recababa o apoio dos catro grupos alí representados arredor dunha demanda histórica sobre as infraestruturas galegas: a liña de tren entre as cidades de Ferrol e A Coruña. Estas dúas cidades, que xunto con Santiago de Compostela, supoñen os dous grandes núcleos poboacionais da provincia, manteñen unha precaria comunicación a nivel de transporte público.

O transporte por estrada desenvólvese por unha autoestrada cuxos prezos de peaxe foron e son reiteradamente denunciados polos milleiros de usuarios e usuarias que a percorren cada día, ou a través de liñas de autobuses que contan cunha frecuencia moi escasa.

As dificultades sinaladas deberían provocar unha reacción nas institucións con capacidade e competencias para a definición de rutas e infraestruturas para a mellora de ferrocarril.

A alternativa ferroviaria por prezo, por sostenibilidade, pola súa capacidade para transportar persoas e mercadorías, por estar camiño de converterse nunha débeda histórica con este sector do eixo atlántico que posúe potentes centros industriais, académicos e económicos debería ser prioritaria.

Con esta finalidade, o pasado 20 de marzo de 2017, no Concello de Ferrol, representantes políticos e institucionais das comarcas da Coruña e de Ferrol sinalaron como necesarias as seguintes actuacións a curto e medio prazo:

A curto prazo:

-Demandar con urxencia un incremento de frecuencias que compatibilice os servizos ferroviarios coa vida laboral e estudantil da veciñanza das nosas comarcas,

-A mellora as estacións intermedias facilitando o acceso e accesibilidade, así como a combinación axeitada cos servizos ferroviarios de FEVE e co transporte público en autobús,

-Un plan de fomento intensivo do seu uso, con bonificacións que poidan facer atractivo o servizo, e competitivo respecto aos elevados prezos das peaxes da AP9 e do servizo público por estrada

-A inclusión da liña ferroviaria no Plan de Transporte Metropolitano, que permita, como quedou dito no punto anterior, acollerse a bonificacións para maiores, estudantes, menores de 18 anos, desempregados, etc.

-Melloras puntuais na infraestrutura, como a construción do bypass de Betanzos para evitar ter que pasar por Infesta e poder reducir os tempos da viaxe, e/ou a mellora doutros puntos concretos do trazado.

A medio prazo:

-A adecuación da liña a un tren de proximidade digno, cunha infraestrutura que non deixe a comarca fóra do Eixo Atlántico, combinando os servizos directos con servizos con paradas intermedias, ferrocarril que xa estivo no Convenio da Xunta co Ministerio de Fomento no ano 2000 e que suporía un investimento, co IPC e IVE actualizados duns 500 millóns de euros e un traxecto sen paradas de 25 minutos entre as dúas localidades.

Por todo isto, os grupos representados nesta Deputación trasladamos o noso apoio á reivindicación polo “Eixo ferroviario Ferrol-A Coruña” acordado no Concello de Ferrol o pasado 20 de marzo de 2017, por distintos representantes institucionais.

Igualmente, daremos traslado destes acordos á Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Fomento.

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 2/17, DO 24 DE FEBREIRO.**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 2/17, do 24 de febreiro.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 5851 Á NÚMERO 9600, DE 2017.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 5851 á número 9600, de 2017.

### **3.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DA PISTA DE ATLETISMO E MELLORA DE ACCESIBILIDADE E INTERIORES DO COMPLEXO DEPORTIVO DO CAMPUS DE ELVIÑA DA UDC.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da

subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da deputación no seu informe do 7 de marzo de 2017.

**2.-** Aprobado o convenio coa Universidade da Coruña correspondente á subvención nominativa concedida, por importe de 200.000,00 €, para financiar execución das obras de renovación de pista de atletismo e mellora de accesibilidade e interiores do complexo deportivo do Campus de Elviña da Universidade da Coruña, cun orzamento subvencionado de 478.340,99 €, de acordo co texto que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2018, autorice o correspondente orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a execución das obras de renovación de pista de atletismo e mellora de accesibilidade e interiores do complexo deportivo do Campus de Elviña da Universidade da Coruña.**

Na Coruña, o

## REUNIDOS

D. José García Liñares, Deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña, actuando en nome e representación desta en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades, e o artigo 36.1.f) Decreto 101/204 do 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña.

## MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte, está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte.

Que a **Universidade da Coruña**, é unha entidade que ten entre os seus fins potenciar os diversos grupos e asociacións universitarias que desenvolvan actividades estudantís, culturais e deportivas.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Universidade da Coruña**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **Universidade da Coruña**, NIF **Q6550005J**, para o financiamento da **execución das obras de renovación de pista de atletismo e mellora de accesibilidade e interiores do complexo deportivo do Campus de Elviña da Universidade da Coruña**, tal como aparece definida no proxecto de execución, redactado polo arquitecto Felipe García Bescansa, número col. 3.239 do COAG, que conta co informe favorable da Área de Acción Territorial desta Deputación provincial.

O campo de fútbol ( sobre o que se realiza a obra subvencionada polo presente convenio,) pertence ao predio catastral número 7882954NH4978S0001GR, segundo consta na documentación achegada pola entidade.

**A Universidade da Coruña**, na súa condición de promotora da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, así como a preceptiva licenza urbanística, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

|   |              |
|---|--------------|
| EXECUCIÓN MATERIAL (REN. PISTA E ACCESO E INTERIORES DO COMPLEXO DEPORTIVO) | 332.204,31 € |
| 13% GASTOS XERAIS   | 43.186,56 €  |
| 6% BENEFICIO INDUSTRIAL   | 19.932,26 €  |
| TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN CONTRATA  | 395.323,13€  |
| 21% IVE   | 83.017,86 €  |
| TOTAL ORZAMENTO   | 478.340,99 € |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **41,81%**.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **41,81%** cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/342/75301**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

2. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á Universidade da Coruña o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Con carácter previo á contratación, a **Universidade da Coruña**, deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores ou, se procede, utilizar o procedemento negociado con publicidade. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **Universidade da Coruña** estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da **Universidade da Coruña**..

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN.**

1. A achega da Deputación seralle aboada á **Universidade da Coruña**, a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a **Universidade da**

**Coruña**, deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación.
- Certificación de obra subscripta polo técnico-director e polo contratista
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación da súa aprobación polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

2. Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención por un prazo de DEZ anos dende a data da recepción das obras..

3- De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei xeral de subvencións, deberase achegar unha certificación do Rexistro da Propiedade na que conste, que en virtude da afección legal esixida no dito precepto, estendeuse unha nota marxinal sobre a finca que se describe na cláusula primeira, de xeito que esta deberá destinarse durante DEZ ANOS á finalidade de "***execución das obras de renovación de pista de atletismo e mellora de accesibilidade e interiores do complexo deportivo do Campus de Elviña da Universidade da Coruña***" contándose dito prazo desde a data que conste na acta de recepción das obras.

En caso de incumprimento desta obriga de destino, o dito inmovible quedará afecto ao pago de reintegro parcial ou total da subvención concedida, así coma os xuros de mora que se teñan devengado desde a data de pago da subvención, calquera que sexa o seu posuidor.

## **VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día **31 de decembro de 2017**.

2. Unha vez rematadas as obras, a **Universidade da Coruña**, deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día **31 de maio de 2018**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **Universidade da Coruña**, para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto; aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a **Universidade da Coruña** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Universidade da Coruña** na documentación achegada

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **Universidade da Coruña** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A **Universidade da Coruña**, deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

A **Universidade da Coruña**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **Universidade da Coruña**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a **Universidade da Coruña**, poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais



obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Universidade da Coruña**, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56<sup>a</sup>.6<sup>o</sup> das de execución do orzamento da deputación, o retraso na realización da actividade ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Universidade da Coruña**, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Universidade da Coruña**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2018, autorice o correspondente orzamento.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **Universidade da Coruña**.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **4.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O BERTARMIRÁNS FÚTBOL CLUB CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO CLUB NO ANO 2016.**

#### INTERVENCIONS

Sr. García Seoane

Pido a palabra para explicar o voto en contra que vou emitir neste asunto. Para nada estou en contra do Club Bertamiráns nin de ningún club nin de ningunha sociedade das que temos por toda Galicia que son as almas e vida de gran parte da cultura, o deporte e o ocio en case toda Galicia, é dicir, se non houbera esas entidades

indubidablemente isto sería un páramo a nivel cultural, social, deportivo, etc. O que si estou en contra é de que houbo unha convocatoria aberta, a Deputación está cambiando cousas en plan positivo e este Goberno, a concorrência competitiva poden acudir calquera entidade cando se fan as convocatorias, resulta que esta entidade, ao parecer, equivocouse de convocatoria, pero equivocarse de convocatoria non quere dicir que hai que premiala, non quere dicir que hai que premiala porque clubs en Galicia hainos a centos, clubs deportivos, de fútbol en concreto, que é o caso, hainos a centos, en Oleiros sen ir máis lonxe hai oito clubs, e polo tanto os clubs concorreron e levaron unha media entre mil e poucos euros e sete mil euros, os que concorreron na convocatoria que fixo a Deputación. Eu non entendo que agora un que se equivocou, ou que non se equivocou, o que sae fóra de quenda, se lle dean 15.000 euros cando os demais clubs levaron esas cantidades e algún non levou nin sequera cantidade ningunha. Por tanto, esa é a miña razón de votar en contra, non do club Bertamiráns, senón da cantidade asignada, porque debía de ser igual ou parecida ás dos outros clubs porque clubs importantes en Galicia hai moitísimos, e de feito con este club quedaron outros seis fóra tamén, e que eu saiba non recibiron ningunha gratificación nese aspecto. Esta é a aclaración ao meu voto negativo ao tema.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e o voto en contra de Alternativa dos Veciños, acorda:

**“1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 21 de febreiro de 2017.

**2.-** Aprobar o convenio co Bertamiráns Fútbol Club correspondente á subvención nominativa, por importe de 15.000€, concedida para financiar a realización de actividades deportivas do club no ano 2016, cun orzamento subvencionado de 19.357 €, de acordo co texto que se achega.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Bertamiráns Fútbol Club correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a realización de actividades deportivas do club no ano 2016**

Na Coruña, o

## REUNIDOS

D. José García Liñares, Deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Rafael José Budiño Rey, Presidente do **Bertamiráns Fútbol Club**.

## MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promovan a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Bertamiráns Fútbol Club** é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Bertamiráns Fútbol Club**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Bertamiráns Fútbol Club** (CIF:**G15285851**) para financiar a **realización de actividades deportivas do club no ano 2016**

### II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

O **Bertamiráns Fútbol Club** desenvolve as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| CONCEPTO            | IMPORTE     |
|---------------------|-------------|
| Gastos de arbitaxes | 19.357,00 € |
| Total               | 19.357,00 € |

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000€**, o que representa unha porcentaxe do **77,49%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total

previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **77,49%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.-A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponden **ao Bertamiráns Fútbol Club**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas **ao Bertamiráns Fútbol Club**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o **Bertamiráns Fútbol Club** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que o **Bertamiráns Fútbol Club** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- Publicidade e financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Bertamiráns Fútbol Club**.

## **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao **Bertamiráns Fútbol Club**, unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscripta polo representante legal do **Bertamiráns Fútbol Club** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, (con IVE e sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, descritas na cláusula PRIMEIRA, teñen efectos retroactivos e están comprendidas desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, o **Bertamiráns Fútbol Club** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do día **31 de outubro de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Bertamiráns Fútbol Club** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Bertamiráns Fútbol Club**, da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Bertamiráns Fútbol Club**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Bertamiráns Fútbol Club**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1. O **Bertamiráns Fútbol Club** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. O **Bertamiráns Fútbol Club**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Bertamiráns Fútbol Club**, deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, o **Bertamiráns Fútbol Club** poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Bertamiráns Fútbol Club** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56.6 das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Bertamiráns Fútbol Club**, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.



2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Bertamiráns Fútbol Club**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2017**.

Terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poden terse realizado dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2017, autorice o correspondente orzamento.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente do **Bertamiráns Fútbol Club** respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **5.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROGRAMA “CONCILIA OS TEUS TEMPOS”, SERVIZO DE CANGUROS MUNICIPAIS 2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 1 de marzo de 2017 que consta no expediente.

2.Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña (CIF 1503000J) para financiar o programa “*Concilia os teus tempos*”, *Servizo de canguraxe*, cunha achega da Deputación de 100.000 €, que supón unha porcentaxe do 44,21 % do orzamento subvencionado, que é de 226.200 €, importe que será aboado conforme co establecido nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23122/46201 do orzamento vixente.

3.Condicionar a vixencia do convenio a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017.

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROGRAMA “CONCILIA OS TEUS TEMPOS”, ANO 2016.**

A Coruña,

### **Reunidos**

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lles delega a competencia para asinar convenios na súa área.

E doutra parte, D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, alcalde-presidente do Concello da Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### **MANIFESTAN:**

É competente a Deputación da Coruña para o establecido no convenio, conforme ao disposto na Lei de bases de réxime local 7/85, art. 36 e na Lei de admón. local de Galicia, 5/97 arts. 109 a 119, para a colaboración no financiamento das actividades de fomento a administración dos intereses peculiares da provincia sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a dita colaboración.

Segundo a Lei de servizos sociais 13/2008, art. 63, a Deputación é competente para o apoio aos Concellos nas prestacións dos servizos sociais.

O programa “Concilia os teus tempos” responde aos obxectivos que formulan leis promulgadas a nivel estatal e autonómico como son: a Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo para igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei galega 7/2004 do 16 de xullo,

para igualdade de mulleres e homes e a Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, así como a Lei de Galicia 3/2011 do 30 xuño, de apoio á familia e á convivencia.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Coruña ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña, co CIF P1503000J, para o financiamento do desenvolvemento das actuacións do programa “Concilia os teus tempos” durante o ano 2016, que é un servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal ( “Servizo de canguros municipais”).

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello da Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| <b>PROXECTO “CONCILIA OS TEUS TEMPOS”</b>   |                     |
|---|---------------------|
| <b>CONCEPTO</b>   | <b>IMPORTE</b>      |
| <b>I) Gastos xerais das modalidades do servizo</b>  |                     |
| Impulso e seguimento do proxecto:<br><i>Gastos de persoal: Técnica media de Igualdade</i>   | <b>41.500,00 €</b>  |
| <b>II) Gastos específicos de cada modalidade do servizo</b>   |                     |
| Modalidade de espazos de atención á infancia da carácter colectivo (E.A.I.) e rede de ludotecas (L):<br><i>Gastos de contratación dunha empresa especializada na prestación deste tipo de servizo</i> | <b>137.000,00 €</b> |
| Modalidade de atención á infancia a domicilio (AD):<br><i>Gastos de contratación dunha empresa especializada na prestación deste tipo de servizo</i>  | <b>47.000,00 €</b>  |
| Modalidade de atención á infancia na casa de acollida (CAM):<br><i>Gastos de contratación dunha empresa especializada na prestación deste tipo de servizo</i>   | <b>700,00 €</b>     |
| <b>TOTAL GASTOS</b>   | <b>226.200,00 €</b> |

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 100.000 €, o que representa unha porcentaxe do 44,21%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 44,21%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando o Concello da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello da Coruña de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello da Coruña tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Rematada completamente a realización da actividade, efectuarase o pagamento a prol do Concello da Coruña, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe prevista na cláusula III sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación: (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Concello da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente se procede.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello da Coruña estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.

2. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse dende o **4 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de xuño de 2017**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello

da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Coruña na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo e para os efectos de imputación dos gastos abranguerá os devengados desde o día 4 de xaneiro de 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xuño de 2017**, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupuestario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello da Coruña non poida ter presentada a xustificación antes do día **31 de xuño de 2017**, deberá solicitar, polo menos, dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2017**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Coruña perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello da Coruña, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_



E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D. O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL, CONCELLO DA CORUÑA  
EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE  
IGUALDADE

Asdo.:

Asdo.: “

## **6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN FADEMUR PARA FINANCIAR O PROXECTO “RURAL TOUR 2016”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA CIFG70101647 para financiar o proxecto “Rural Tour 2016”

4º A subvención provincial establecida no convenio ascende a un total de 40.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/414.2/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2016.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

7º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR)

A Coruña

## REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dona Rosa Arcos Caamaño, con DNI núm. 33291048-C, en representación da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR)

A Coruña

Que a Deputación provincial da Coruña e FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR)

Na Coruña

1. Consideran de grande interese para a provincia a realización do proxecto “Rural Tour 2016” ten como obxectivo mellorar a posición social e económica das mulleres que viven no medio rural da Coruña, deseñando para isto proxectos que permitan a súa visibilización e empoderamento e propiciar o apoio ás mulleres que viven no medio rural.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) CIF G70101647, para o financiamento do proxecto “Rural Tour 2016”.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| GASTOS   | IMPORTE     |
|--|-------------|
| Deseño/fabricación stands e expositores: <ul style="list-style-type: none"><li>• Deseño da zona de venda .....8.000,00 €</li><li>• Rotulación e elementos sinalizadores.....8.000,00 €</li></ul> | 16.000,00 € |
| Gastos persoal: <ul style="list-style-type: none"><li>• Persoal propio e subcontratado.....6.000,00 €</li></ul>  | 6.000,00 €  |
| Imaxe comunicación e difusión: <ul style="list-style-type: none"><li>• Publicidade.....6.000,00 €</li><li>• Deseño e elaboración de contidos.....3.000,00 €</li></ul>                            | 9.000,00 €  |
| Aluguer de equipos. <ul style="list-style-type: none"><li>• Aluguer medios audiovisuais e equipos e soporte informáticos.....5.000,00 €</li><li>• Aluguer de medio.....4.000,00 €</li></ul>      | 9.000,00 €  |
| Materiais: <ul style="list-style-type: none"><li>• Material funxible e compra de materiais varios embalaxe.....6.000,00€</li></ul>   | 6.000,00 €  |

|  |            |                    |
|--|------------|--------------------|
| Prestación de servicios:                       |            |                    |
| • Servicios de apoio a stands.....             | 2.000,00 € |                    |
| • Servicios de apoio a medio informáticos..... | 2.000,00 € | 4.000,00 €         |
| <b>CUSTO TOTAL DA ACTIVIDADE</b>               |            | <b>50.000,00 €</b> |

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 40.000,00 € o que representa unha porcentaxe do 80% . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/414.2/481, na que a Intervención provincial certifique que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR), nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR).

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

#### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre os días 1 de agosto de 2016 ao 30 de abril de 2017.

2. Unha vez rematadas as actividades, o FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se

poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonante co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de agosto de 2016 ata o 30 de abril do ano 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do ano 2017 sempre e cando exista crédito para tal fin

2. Para o caso de que a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de maio de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MULLERES RURAIS DE GALICIA (FADEMUR), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da entidade

Valentín González Formoso

FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE  
MULLERES RURAIS DE GALICIA  
(FADEMUR)”

#### **7.-APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE CESIÓN DE USO DA MILAGROSA E MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DE CESIÓN PARA A XESTIÓN DUN CENTRO PARA ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS SENÍS (COMPLEXO XERONTOLÓXICO A MILAGROSA).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobar a prórroga do prazo de cesión de uso do edificio A Milagrosa á Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) da Coruña, hoxe denominado CENTRO XERONTOLÓXICO A MILAGROSA, e modificar as condicións de cesión de uso.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio onde se inclúen as novas condicións de cesión e que figura como anexo, e que deixa sen efecto o formalizado o 17 de xuño de 1999.



## ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PENSIONISTAS E XUBILADOS (U.D.P.) DA CORUÑA, PARA PRORRÓGA DO PRAZO DE CESIÓN DE USO DA MILAGROSA E MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS DE CESIÓN PARA A XESTIÓN DUN CENTRO PARA ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS SENÍS (COMPLEXO XERONTOLOXICO A MILAGROSA)**

A Coruña, \_\_\_\_ de abril de dous mil dezasete.

#### **REUNIDOS**

Dunha parte D. Xesús Manuel Soto Vivero, deputado da Deputación da Coruña de Contratación, Patrimonio e Equipamento en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, actuando no exercicio das competencias atribuídas, pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e polo Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

#### **E**

Doutra, D<sup>a</sup> María Luisa Ansorena Hortega, presidenta da Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) da Coruña.

Recoñecéndose capacidade para a formalización do presente convenio

#### **EXPOÑEN**

1º.- Que na provincia da Coruña existe un importante colectivo de persoas maiores dependentes afectadas pola enfermidade de alzheimer e outras demencias senís que requiren da axuda de terceiras persoas. A atención destas necesidades pola propia familia é nalgúns casos imposible pola actual estrutura familiar e, por outra banda, as familias que se ocupan dunha persoa maior con demencia necesitan de recursos de apoio tanto de atención de día como de acollemento residencial. Desde estes recursos ou programas –de día ou residencial- préstase a atención profesional necesaria para a prevención e o tratamento dos usuarios que permita mellorar a súa calidade de vida.

2º.- Que a Deputación da Coruña, consciente desta problemática, e ante a carencia de centros que presten estes servizos de día e residencial considerou oportuno prorrogar a cesión de uso do local do Centro A Milagrosa para a atención de enfermos de alzheimer e outras demencias senís.

3º.- Que co obxecto de facilitar a posta en marcha do centro xerontolóxico, o Pleno da Corporación en sesión celebrada o 23 de decembro de 1998 aprobou o prego de condicións para a selección da entidade á que cedeu o uso do inmovible coa finalidade de destinalo a centro de día para a atención de enfermos de alzheimer e outras demencias senís, así como as condicións de cesión (BOP nº 11 do 15 de xaneiro de 1999).

4º.- O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 2 de marzo de 1999, acordou aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso de parte do edificio da Milagrosa coa finalidade de que a Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña

(UDP), entidade seleccionada previo concurso público, o destine a Centro de Día para enfermos de alzheimer e outras demencias senís (Centro Psicoxeriátrico) e con arranxo ao prego de cláusulas aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 23 de decembro de 1998 (BOP nº 58 de 1999).

5º.- O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 11 de xuño de 1999, acordou aprobar definitivamente o expediente de cesión de uso de parte do edificio da Milagrosa coa finalidade de que a Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña (UDP) o destine a centro de día para enfermos de alzheimer e outras demencias senís (Centro Psicoxeriátrico) con arranxo ao prego de cláusulas aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 23 de decembro de 1998.

6º.- A Deputación da Coruña e a Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña (UDP) con data do 17 de xuño de 1999 formalizaron un convenio de colaboración de cesión de uso do local do Colexio A Milagrosa para a creación e xestión dun centro para enfermos de alzheimer e outras demencias senís (Centro Psicoxeriátrico).

7º.- Con data do 26 de abril de 2002 asinouse a acta de entrega de parte do edificio da Milagrosa para a súa cesión de uso á Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña, coa finalidade de destinalo a centro de día para a atención de enfermos de alzheimer e outras demencias senís, comezando así o cómputo do prazo de 15 anos de cesión do inmovible.

8º.- O Pleno da Deputación provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2002, aprobou inicialmente o expediente de alteración de cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, e o expediente de cesión de uso á UDP, nos mesmos termos que na da cesión de uso inicial, condicionado á aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica do ben.

9º.- O Pleno da Deputación, en sesión plenaria ordinaria celebrada o día 28 de marzo de 2003, aprobou definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, aprobado inicialmente o 30.12.2002. Así mesmo, aproba definitivamente o expediente de ampliación da cesión de uso á UDP, rexendo o mesmo prazo e demais condicións estipuladas no acordo plenario do 11 de xuño de 1999, no convenio do 17 de xuño (nº 21/99) e na acta de entrega do 26 de abril de 2002.

10º.- A dita ampliación formalizouse en documento administrativo nº 57/2003 do 3 de xuño.

11º.- O Pleno da Deputación, en sesión plenaria ordinaria celebrada o 30 de setembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, cuxa aprobación inicial foi acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2004. Na mesma sesión apróbase definitivamente o expediente de ampliación da cesión de uso á UDP da superficie cedida ata o momento, rexendo o mesmo prazo e demais condicións estipuladas no acordo plenario do 11 de xuño de 1999, no convenio do 17 de xuño (nº 21/99) e na acta de entrega do 26 de abril de 2002 e na acta de entrega do 3 de xuño de 2003 (nº 57/2003).

A entrega da superficie ampliada non afectará o cómputo do prazo de 15 anos estipulado na cláusula 3ª do convenio de cesión, que comezou a contarse o día 26 de abril de 2002 coa entrega da superficie cedida inicialmente.

12º.- En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 30 de setembro de 2004, a Deputación fai entrega do ben cuxo uso se cede mediante acta de entrega de ampliación do 8 de outubro de 2004, formalizada co nº 279/2004.

13º.- O Pleno da Deputación, en sesión plenaria ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2006 aprobou definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do edificio da Milagrosa, cuxa aprobación inicial foi acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 27 de abril de 2006. Na mesma sesión apróbase definitivamente o expediente de ampliación da cesión de uso á UDP da superficie cedida ata o momento, nos mesmos termos que o inicial.

14º.- A Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados da Coruña (UDP) xestionou o Complexo Xerontolóxico A Milagrosa, desenvolvendo e ampliando os seus servizos cunha residencia dotada de 64 prazas distribuídas en tres plantas, sendo 31 habitacións dobres (62) e 2 habitacións individuais, ademais do centro de día que dispón de 70 prazas distribuídas en dúas plantas.

15º O envellecemento da poboación na contorna rural da nosa provincia prodúcese, pola ausencia de mozos e mozas que contribúan á renovación xeracional. Esta carencia provoca a falta de redes de apoio familiar e vínculos afectivos na contorna, que xeran illamento e soidade nos maiores máis vulnerables.

A deputación presta un apoio económico ao sostemento dos servizos sociais comunitarios da provincia, que son os que prestan a atención de primeiro nivel e máis próxima ao usuario. Son os profesionais dos concellos da provincia quen coñecen ben da necesidade e dificultade de acceso ás prazas de atención residencial para dependentes. Isto provoca que en moitas persoas con valoración de grao como dependente (a non consideración dos factores sociais) fagan que teñan que permanecer durante meses nos seus domicilios, sen máis apoio que o veciñal e o de ss. ss. comunitario.

O presente e o futuro máis próximo para os maiores dependentes nestas contornas demográficas, vai necesitar dos recursos residenciais para garantir a sobrevivencia. A situación de carencia de recursos públicos, especialmente os residenciais para atención de persoas afectadas por demencias senís é moi importante na provincia da Coruña.

16º.-Na cláusula 2ª do convenio e na acta de entrega do 26 de abril de 2002 , 3 de xuño de 2003 e 8 de outubro de 2004 estableceuse como prazo de cesión de uso inicial o de 15 anos que finaliza o 26 de abril de 2017.

No citado convenio indícase que o dito prazo poderá prorrogarse expresamente polo Pleno da Corporación ata un máximo doutros 15 anos máis, sen que en ningún caso o prazo total (inicial máis prórroga) poida exceder de 30 anos. Neste sentido coinciden ambas as dúas partes na conveniencia e na necesidade de realizar a dita prórroga pola transcendencia do labor asistencial desenvolvida que permite ademais manter 70 postos de traballo de persoal altamente cualificado e con experiencia acreditada.

17º. A Deputación quere que a prórroga deste convenio recolla melloras que coloquen ao centro como un recurso do sistema público, ofertando prazas concertadas coa Xunta de Galicia. Así, a UDP a cambio da cesión de locais, haberá de reverter o número de prazas que se estableza, como prazas con prezo público, e a xestión destas a cargo de concerto coa Xunta de Galicia, cando a UDP estableza o concerto.

18º.-Así mesmo considérase conveniente por ambas as dúas partes concretar as condicións de cesión e especial no que se refire aos aspectos técnicos do uso do edificio e instalacións cedidas.

Por todo o exposto acordan formalizar o presente convenio conforme as seguintes cláusulas

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto determinar a prórroga do prazo de cesión de uso do edificio A Milagrosa, á Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) da Coruña, hoxe denominado CENTRO XERONTOLOXICO A MILAGROSA e modificar as condicións de cesión de uso.

A superficie obxecto de cesión, de acordo cos acordos adoptados polo pleno e ampliacións de espazos posteriores, acordadas igualmente polo Pleno e que se indican na parte expositiva ascenden a 2.771,56 m2.

| Edificio Centro de Día e Residencia A Milagrosa | Superficie construída (m2) |
|---|----------------------------|
| Planta soto                                     | 151,11                     |
| Planta baixa                                    | 925,79                     |
| Planta primeira                                 | 1.003,16                   |
| Planta segunda                                  | 691,50                     |
| TOTAL   | 2.771,56                   |

| Espazos abertos cedidos       | superficie (m2) |
|-------------------------------|-----------------|
| Xardín centro de día          | 648,84          |
| Xardín de residencia          | 742,17          |
| Aparcadoiro fachada principal | 473,91          |
| Aparcadoiro fachada posterior | 146,43          |

### SEGUNDA.- PRAZO DE CESIÓN DE USO

A Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co establecido na cláusula 3ª do convenio formalizado o 17 de xuño de 1999, acorda ampliar o prazo de cesión de uso do edificio A Milagrosa ata o 26 de abril de 2032.

### TERCEIRA.- CONDICIÓN DE CESIÓN

1.- A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña atenderá os enfermos e prestará os seus servizos conforme as normativas estatais ou autonómicas

reguladoras en materia de sanidade, servizos sociais e de seguridade social e lexislación laboral, así como de prevención de riscos laborais, e prestará os seus servizos nas mellores condicións de atención e coidado para todos os usuarios sen discriminación de ningún tipo.

2.- A cesión de locais do Centro A Milagrosa por parte da Deputación provincial teñen como obxectivo xerar un recurso destinado á atención de persoas afectadas de alzheimer e outras demencias nos seus distintos estadios de evolución.

3.- Dada a situación familiar de moitas familias con enfermos que non poden optar a unha praza residencial privada, a deputación quere reverter con esta cesión na produción dun ben de uso público. Para iso, a UDP obrígase á cesión á deputación de 2 prazas residenciais para persoas con enfermidade de alzheimer ou outras demencias senís, para o seu uso público mediante concerto de estadías coa Xunta de Galicia. As ditas prazas non poderán ser utilizadas pola UDP como prazas privadas, quedando en exclusiva destinadas a concerto como prazas de uso público.

4.- A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña comprométese a manter o equipo necesario para o adecuado funcionamento do centro así como a dotalo do persoal máis cualificado e suficiente para cumprir cos fins da cesión.

5.- A Deputación non asume a través deste expediente de cesión ningún compromiso de colaboración no mantemento do centro e as súas actividades e exclúe expresamente calquera responsabilidade en relación coa xestión e o seu funcionamento. Os traballadores que desempeñen as súas funcións en ou desde o devandito centro, non terán relación laboral nin de ningún outro tipo coa Deputación Provincial da Coruña.

A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña deberá aboar os gastos de subministración e instalación e consumo de enerxía eléctrica, gas, auga, teléfono e redes de Informática e telefónica, seguros e calquera outro gasto de funcionamento do Centro. Corresponderá á Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) o aboamento do IBI, no caso de que por normativa se establecese a súa esixencia dado que actualmente está exento, e de modo proporcional aos metros cadrados ocupados do edificio.

6.- A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña deberá facilitarlle á Deputación en todo momento o acceso ao centro así como a súa documentación para verificar o correcto funcionamento e o adecuado cumprimento das condicións de cesión.

7.- A Deputación será informada periodicamente, e como mínimo cada tres meses, a través do departamento de Servizos Sociais, do financiamento da residencia e do centro de día, das súas experiencias asistenciais, da evolución da demanda e das listaxes de espera, así como formará parte da comisión de valoración das solicitudes de ingreso no centro e do comité técnico de seguimento do proxecto.

8.- Uso de prazas residenciais.

8.1. A UDP obrígase á cesión á deputación de 2 prazas residenciais para persoas dependentes, para uso público mediante concerto de estadías coa Xunta de Galicia. As ditas prazas non poderán ser utilizadas pola UDP como prazas privadas, quedando en exclusiva destinadas a concerto como prazas de uso público.

8.2. A UDP ofertará mediante acordo ou convenio un número non inferior a 6 prazas de atención de día aos concellos da provincia da Coruña. Esas prazas non poderán ser utilizadas pola UDP como prazas privadas.

9.- A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña non terá que aboar á Deputación cantidade ningunha en concepto de utilización do inmovible.

10.- A Asociación Provincial de Xubilados e Pensionistas (UDP) da Coruña estará obrigada a facer constar a participación da Deputación Provincial da Coruña en todo o seu material divulgativo, páxina web do centro, actividades e publicidade así como no propio inmovible.

11. Cumpriranse todas as condicións de uso informadas polo Servizo de Arquitectura, en concreto:

11.1.- As portas dobres de comunicación coas diferentes plantas da Milagrosa utilizaranse de maneira exclusiva en caso de simulacro de incendio e/ou emerxencia real e non para outros fins.

11.2.- O cesionario asumirá todos os labores de mantemento preventivo e correctivo así como controis e revisións regulamentarios das instalacións, sistemas e/ou aparellos.

11.3.- Para os efectos de coñecer o estado das instalacións no momento dunha posible reversión á Deputación o cesionario presentará anualmente un informe das actuacións seguidas, revisións, actas,... das instalacións (eléctrica, contraincendios, abastecemento de auga, auga quente sanitaria – lexionela, aparatos elevadores, gas, ventilación, paneis solares....). De maneira similar entregaranse as actas de inspección de sanidade dos espazos destinados a tratamento de alimentos e cociña.

11.4.- O cesionario asumirá todos os labores de mantemento preventivo e correctivo dos elementos arquitectónicos interiores e exteriores da envolvente correspondente á superficie cedida (cuberta, fachada, carpintería,....). Anualmente o cesionario presentará un informe das actuacións seguidas.

11.5.- O cesionario asumirá as reparacións de avarías e incidentes, tanto en instalacións como en elementos arquitectónicos, así como a substitución e reparación dos danos consecuencia desta. O ámbito desta actuación engloba os espazos cedidos como os propios da Deputación da Coruña afectados.

11.6.- Para a realización de calquera obra nova, de mellora, substitución e/ou reparación de elementos arquitectónicos será necesaria unha autorización previa. A solicitude irá acompañada da documentación técnica necesaria acorde á envergadura da obra proposta.

11.7.- Cando se autorice algunha obra en aplicación do punto anterior, o cesionario informará ao Servizo de Patrimonio e Contratación e ao Servizo de Arquitectura e Mantemento da data prevista de comezo da obra, empresa construtora, prazo e demais datos relevantes para que os técnicos poidan realizar un seguimento externo da obra.

11.8.- A Deputación da Coruña poderá requirir ao cesionario a realización de obras de mantemento e conservación dos elementos arquitectónicos da envolvente do edificio correspondente á superficie cedida cando observe un risco grave e inminente así como unha deterioración progresiva grave.

#### **CUARTA.- COMISION DE SEGUIMIENTO**

A fin de coordinar as actuacións que se derivan do presente convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por:

1.-En representación da Deputación, o/a deputado/a de Servizos Sociais, o/a deputado/a de Patrimonio, Contratación e Equipamento e 1 técnico/a de Servizos Sociais.

2.- En representación da UDP tres persoas designadas por esta entidade.

3.- Actuará como secretario/a un técnico/a de servizos sociais, con voz, pero sen voto.

Son funcións da Comisión

- 1.-Seguir o funcionamento do centro e coñecer a memoria anual.
- 2.- Ter información das experiencias asistenciais e das propostas de melloras do centro.
- 3.-Coñecer o orzamento do centro e formas de financiamento
- 4.-Coñecer o grao de ocupación do centro.
- 5.- Coñecer as tarifas.
- 6.- Verificar o cumprimento das reservas de prazas a que se refire a cláusula 3.8 do presente convenio.
- 7.-Preparar actividades divulgativas entre os técnicos/as municipais e poboación interesada sobre o centro e as experiencias na atención aos enfermos e sobre as peculiaridades da xestión destes centros.

#### **QUINTA.- CAUSAS DE REVERSIÓN**

Serán causas de reversión dos bens cedidos ao Patrimonio provincial:

- 1.- O cumprimento do prazo de cesión, incluídos no seu caso a prórroga.
- 2.- O incumprimento de calquera das condicións de cesión establecidas no prego e en especial:
  - Deixar de prestar os servizos inherentes ao centro de día.
  - Unha prestación inadecuada do Servizo.
  - O incumprimento por parte da entidade cesionaria da normativa reguladora dos servizos sociais, sanitarios, laborais e seguridade social, prevención de riscos laborais, e calquera outra norma de carácter obrigatorio.
  - A realización de obras no inmovible sen a autorización da Deputación.
  - A deterioración do inmovible sen achegar os medios necesarios para a súa adecuada conservación.
  - O incumprimento da reserva de prazas, indicada na cláusula 3.8
- 3.- A Deputación terá dereito a percibir da Asociación Provincial de Pensionistas e Xubilados (UDP) da Coruña, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos.

#### **SEXTA.- NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten carácter administrativo, e para a solución das dúbidas e controversias que poidan xurdir da aplicación do presente convenio terase en conta a normativa de contratos do sector público.

A xurisdición contencioso-administrativo será a competente para coñecer das cuestións litixiosas que en aplicación do presente convenio se susciten entre as partes.

Faise constar que este convenio foi aprobado en sesión plenaria celebrada o día XXXX de marzo de 2017.

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no cabezal

O PRESIDENTE, P.D.  
O DEPUTADO PROVINCIAL,

Xesús M. Soto Vivero

A ASOCIACION DE PENSIONISTAS E  
XUBILADOS (UDP) DA CORUÑA

María Luisa Ansorena Hortega”

## **8.-APROBACIÓN DO TEXTO E FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO SEPARATA DO PROXECTO DE REDE CICLISTA METROPOLITANA. CONCELLO DA CORUÑA FASE I.**

### INTERVENCIONS

Sr. Díaz Grandío

Simplemente moi breve. O primeiro gustaríanos trasladar desde aquí o noso pesar polo falecemento onte do concelleiro do Bloque Nacionalista Galego Paco Souto, e se me permitides e co voso permiso gustaríanos facelo cunhas breves liñas redactadas polo mestre e poeta Henrique Rabuñal e que a Marea Atlántica publicou esta mañá.

“Paco Souto, sempre connosco. Paco Souto nacera na Coruña en 1962 e onte deixounos inesperadamente. Sempre o lembramos traballando para vivir e sempre engaiolado polos vieiros da cultura, da lingua, das artes, da edición e do compromiso político. Unha parte do seu labor desenvolveuse nese universo imprescindible que é a periferia, onde a invisibilidade é maior ca noutros territorios. Lamentamos a súa morte centos de amigos e amigas que vemos nel ao artista, pero por riba de todo ao home xeneroso que sempre nos agasallaba cun sorriso, cun sorriso intelixente. Déixanos o Paco das Letras de Cal e das Edicións do Dragón, o poeta maior, o ilustrador, o autor teatral, a voz en Radio Roncudo, o cantor de Avilés de Taramancos, o editor en Caldeirón. Paco instalárase na Costa da Morte, na cerna do país, da súa identidade e dos seus mares. Era un persoeiro amigable, unha porta de entrada aos mellores territorios, desde algún lugar desa costa seguiremos ouvindo a súa voz e aprendendo do seu exemplo”.

E dito isto, entrando por fin en materia no punto que se procede agora a votación, non podemos ocultar desde este Grupo provincial a satisfacción que nos produce a máis que probable aprobación deste convenio, un proxecto, o deste carril bici con vocación metropolitana, que xera a continuidade dunha rede, e que promove a conexión, neste caso do Concello da Coruña, cos concellos de Culleredo e de Cambre, quedando tamén pendente a conexión a través da ría co Concello de Oleiros. Pero un proxecto que abre a porta tamén ao seu itinerario urbano en boa parte do trazado e dándolle tamén deste xeito a potencia de usuarios precisa para facer deste proxecto o que nós cremos que será un éxito asegurado.

Aproveitamos tamén para anunciar unha futura moción respecto da promoción da bicicleta desde a entidade provincial, da promoción da bicicleta e das súas infraestruturas políticas que contan cun amplo respaldo cidadán, e que cun bo traballo previo de definición, de situacións prioritarias, terá seguro un retorno directo tanto en aforro económico como en aforro de emisións contaminantes. Grazas.

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobar o seguinte proxecto derivado do denominado REDE CICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA:



- Separata do proxecto de Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello da Coruña fase 1, por importe de 1.490.857,27 €.

e expoñer ao público o proxecto, mediante anuncio que se vai inserir no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido este sen que se produciran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO SEPARATA DO PROXECTO DE REDE CICLISTA METROPOLITANA. CONCELLO DA CORUÑA FASE 1 cunha achega provincial de 1.160.586,00 € (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201, que representa un coeficiente de financiamento do 77,8468 % sobre un orzamento de 1.490.857,27 € (IVE incluído)

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez se acredite o cumprimento das condicións que se indican deseguido e producirá efectos durante o prazo establecido na cláusula décimo segunda. Condicións de eficacia do convenio:

1. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.
2. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da deputación para asumir os gastos de execución da obra.
3. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do concello para asumir os gastos non contemplados no punto anterior ou que excedan a cantidade achegada pola Deputación e sexan necesarios para a correcta execución das obras.
4. Aprobación definitiva do proxecto técnico.

4º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

#### ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA “SEPARATA DO PROXECTO DA REDE CICLISTA METROPOLITANA. CONCELLO DA CORUÑA – FASE 1”**

Na Coruña, de        de 2017

#### **REUNIDOS**

O Sr. Presidente da Deputación da Coruña, D. Valentín González Formoso.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello da Coruña, D. Xulio Ferreiro Baamonde.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

#### **MANIFESTAN**

A Deputación Provincial da Coruña redactou o proxecto construtivo da “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, o cal recolle as obras necesarias para a conexión dos treitos de carrís de bicicletas existentes na cidade da Coruña cos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, que constitúen a súa área metropolitana.

As actuacións que se propoñen permiten a conexión de treitos ben diferenciados tanto polo seu tipo de percorrido, como polo ámbito urbano e natural que atravesan, permitindo que os usuarios deste medio de transporte como é a bicicleta, poidan compartir o seu uso lúdico como dun medio de transporte alternativo ao mesmo tempo.

As políticas de promoción da mobilidade “branda”, de fomento da seguridade vial e da concienciación social teñen contribuído noutros países ao incremento deste modo de transporte que é económico, áxil, saudable e ecolóxico. Porén, calquera intento de potenciar o uso da bicicleta como medio habitual de transporte pasa, necesariamente, pola reordenación urbana e viaria, xunto coa execución dunha infraestrutura continua que permita garantir o uso continuado e alternativo ao transporte por estrada.

Na Área Metropolitana existen 53 quilómetros de vías para bicicletas e, polo tanto, o que se pretende coas obras que vai recoller o proxecto é comunicar estas e construír outros novos para conseguir uns percorridos que permitan a mobilidade entre os concellos que configuran este contorno.

O proxecto confirma a viabilidade técnica de crear un itinerario ciclista comarcal que posibilite percorrer o litoral dende as Praias de Barrañán (Arteixo) ata as de Mera (Oleiros), e dende outro ámbito natural como é a Presa de Cecebre preténdese incorporar o carril de bicicleta existente dende ela ata a desembocadura do río Mero na ría do Burgo, onde se farán as obras para conectalo co do paseo do Burgo ata a Ponte da Pasaxe.

No proxecto recóllense as actuacións necesarias como son a sinalización, o acondicionamento, as novas estruturas de paso e aqueles treitos de nova construción, coa finalidade de acadar o obxectivo de xerar unha rede básica que poida ser ampliada no seu futuro por outras actuacións da mesma natureza. Nesta fase do proxecto lógrase establecer un itinerario para ciclistas de preto de 78 quilómetros.

Visto o anterior considérase procedente a sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para a execución das obras do proxecto construtivo da “Separata do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello da Coruña – fase 1”, que afectan a esta área municipal.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre ambas as dúas administracións.

Por todo o exposto, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes cláusulas.

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. Obxecto.**

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, CIF P1503000J, que permitan realizar as obras da “Separata do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello da Coruña – fase 1”, que afectan a esta área municipal. Este documento contén de feito fidedigno as propostas técnicas e presupostarías establecidas no proxecto “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, aprobado con anterioridade.

O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase en: UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (1.490.857,27 €) IVE incluído, e que corresponden ás actuacións da fase 1 do tramo que se vai realizar no concello da Coruña.

O prazo de execución dos traballos é de SEIS (6) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia e que afectan ao territorio municipal da Coruña, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.

As obras teñen como obxecto xerar un itinerario ciclista que, en apoio de vías ciclistas existentes na actualidade, conexione a Cala de Bens coa Ponte da Pasaxe, percorrendo todo o litoral municipal da Coruña.

Así, coas obras propostas resólvense discontinuidades de beirarrúas/carril bici existentes, redundando na seguridade viaria do contorno. En concreto, os tramos de actuación son:

- **Tramo 1: Avda. da Mariña (Teatro Colón) – Delegación do Goberno.-** 800 m de percorrido dende a Avda. da Mariña (Teatro Colón), pasando por Rúa Cantón Grande e Rúa Cantón Pequeno e Rúa Sánchez Bregua, ata o inicio da Avda. Linares Rivas (Delegación do Goberno – Prza. Ourense)
- **Tramo 2: Delegación do Goberno – Parque de San Diego.-** 1.525 m. de percorrido, dende a Delegación do Goberno – Prza. Ourense, por Linares Rivas ata a intersección coa Rúa Ramón y Cajal, e pola AC-12 ata o inicio do parque de San Diego.
- **Tramo 3: Parque de San Diego – Ponte da Pasaxe:** 3.000 m. de percorrido, dende o Parque de San Diego (Oza), pasando pola AC-12, Xubias de Arriba e a AC-12 ata a Ponte da Pasaxe.
- 

#### **Segunda. Presuposto de execución e financiamento das obras.**

O presuposto total de execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, é o seguinte:

|                               |              |
|-------------------------------|--------------|
| Presuposto execución material | 1.035.389,45 |
| Gastos xerais (13%)           | 134.600,62   |
| Beneficio industrial          | 62.123,36    |
| IVE (21%)                     | 258.743,82   |
| Presuposto de contrata        | 1.490.857,27 |

A Deputación Provincial da Coruña financiará o presuposto das obras, tal e como se define na cláusula anterior cunha achega máxima de 1.160.586,00 € o que representa unha porcentaxe do 77,8468%.

1. No caso de que o importe máximo xustificable non alcanzara o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,8468% da cantidade efectivamente xustificada.
2. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, polo tanto, non se financiarán os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios pola dirección das obras, seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións de obra.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201 do presuposto provincial do ano 2017. Dado que a

vixencia do convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento da Lei de estabilidade orzamentaria.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **Terceira. Autorizacións e licenzas.**

Antes da licitación das obras, o concello expedirá certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras incluídas na separata, que afectan ao termo municipal, así como á reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes perante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal.

### **Cuarta. Contratación das obras.**

O Concello da Coruña, unha vez obtidas as correspondentes licenzas e autorizacións, contratará mediante procedemento aberto e conforme ós pregos-tipo da Deputación a execución das obras obxecto do convenio.

### **Quinta. Publicidade do financiamento provincial.**

Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

### **Sexta. Dirección das obras. Coordinación da seguridade e saúde.**

1. A dirección das obras realizaraa persoal dos servizos técnicos do concello da Coruña e/ou por medios externos. Así mesmo, actuará como codirector/a persoal técnico designado pola Deputación da Coruña.
2. O concello da Coruña levará a cabo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde.

### **Sétima. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Ata o 50 por cento da achega provincial terá carácter prepagable, de forma que procederese a expedir un primeiro pago a favor do concello pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra unha vez que se xunte ao expediente a seguinte documentación:
  - Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
  - Acta de reformulación da obra, asinada polos seus directores e polo contratista.

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.
  - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada).
- Certificacións e acta de recepción das obras realizadas.
  - Certificacións do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedidas polo órgano competente.
  - Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
  - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
  - Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
  - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. O aboamento da contía resultante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello. E se transcorreran máis de catro meses dende a correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, o tipo de xuro legal que se devengue dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4. Deberá acreditar o aboamento aos terceiros do importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo prazo.

#### **Oitava. Acta de recepción.**

O concello da Coruña notificaralle á Deputación da Coruña a data de formalización da acta de recepción das obras coa debida antelación para que asista, se é o caso, un representante designado pola Deputación da Coruña.

#### **Novena. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **Décima. Comisión de seguimento.**

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros designados por cada unha das institucións asinantes do presente convenio, designados polo presidente da Deputación da Coruña e polo alcalde do Concello da Coruña, respectivamente, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

#### **Undécima. Reintegro, infraccións e sancións.**

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da deputación.

De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso na realización das obras ocasionará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

#### **Duodécima. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez que se acredite o cumprimento das condicións que se indican de seguido e producirá efectos ata o 30 de novembro de 2018. Condicións de eficacia do convenio

1. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.

2. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de execución da obra.
3. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Concello para asumir os gastos non contemplados no punto anterior ou que excedan a cantidade achegada pola deputación e sexan necesarios para a correcta execución das obras.
4. Aprobación definitiva do proxecto técnico.

Para o caso de que a concello non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2018, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida.

Serán causas de extinción do presente convenio:

1. O non cumprimento do seu obxecto.
2. A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
3. O incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
4. Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes. Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente da rescisión deste.

#### **Décimo terceira. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**Décimo cuarta. Natureza e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o            de            de 2017  
Así din e asinan, en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña

O alcalde-presidente  
do Concello da Coruña

Valentín González Formoso

Xulio Ferreiro Baamonde”

**9.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2017, PRIMEIRA FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2017 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 105.293,52.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla.

| <b>CÓDIGO</b> | <b>DENOMINACIÓN</b>  | <b>CONCELLO</b> | <b>PRESUPOSTO<br/>(DEPUTACIÓN<br/>FONDOS<br/>PROPIOS),<br/>0410/4535/60900</b> |
|---------------|--|-----------------|--|
| 1711700001.0  | COMPLEMENTARIO Nº1 Ó DE MELLORA DA<br>SEGURIDADE VIAL NA DP5812, PK 3+040 AL<br>PK 4+850 | OLEIROS         | 105.293,52   |
|               |  | TOTAL           | 105.293,52   |

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se vai inserir no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita informe.”



**10.- APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2017, PRIMEIRA FASE E INICIO DOS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2017 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 2.498.183,06.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

| <b>CÓDIGO</b> | <b>DENOMINACIÓN</b>  | <b>CONCELLO</b> | <b>PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900</b> |
|---------------|--|-----------------|--|
| 1711100001.0  | MELLORA DA INTERSECCIÓN DAS ESTRADAS DP 0813 COA DP 0803   | BERGONDO        | 38.944,88  |
| 1711100002.0  | MELLORA DE TRAZADO NA ESTRADA DP 4604 ENTRE O PK 4+060 E O PK 4+650                              | TOQUES          | 460.814,37   |
| 1711100003.0  | ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0+000 Ó 2+940, ORRO | CULLEREDO       | 1.215.705,33   |
| 1711100004.0  | AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1102 DE CESPON A VIDRES PK 0+000 Ó 1+700         | BOIRO           | 782.718,48   |
|               |  | TOTAL           | 2.498.183,06   |

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras:

| <b>CÓDIGO</b> | <b>DENOMINACIÓN</b>  | <b>CONCELLO</b> | <b>VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)</b> |
|---------------|--|-----------------|--|
| 1711100002.0  | MELLORA DE TRAZADO NA ESTRADA DP 4604 ENTRE O PK 4+060 E O PK 4+650                              | TOQUES          | 39.003,00                                    |
| 1711100003.0  | ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0+000 Ó 2+940, ORRO | CULLEREDO       | 136.313,65                                   |
|               |  | TOTAL           | 175.316,65                                   |

3.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se vai inserir no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producen, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

**11.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “MELLORA E AXARDINAMENTO DA PRAZA DE COMPOSTELA EN CURTIS E DO PARQUE INFANTIL MESTRES AMPARO BELEDA MANEL CHAÍN EN TEIXEIRO”, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE CURTIS, INCLUÍDO NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o proxecto modificado presentado polo Concello de Curtis, relativo á actuación que se detalla a continuación, incluída na 1ª fase do Plan provincial de medio ambiente 2016, aprobado polo Pleno Corporativo na sesión do 28.10.2016:

| CONCELLO | EXPTE         | ACTUACIÓN  | FINANCIAMENTO |          |           | CONDICIÓN  |
|----------|---------------|--|---------------|----------|-----------|--|
|          |               |  | DEPUTACIÓN    | CONCELLO | TOTAL     |  |
| Curtis   | 2016000008743 | Mellora e axardinamento da Praza de Compostela en Curtis e do Parque Infantil Mestres Amparo Beleda Manuel Chaín en Teixeira | 57.401,50     | 0,00     | 57.401,50 | - Autorización do Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia<br><br>- Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas |

2.- Levantar as condicións e aprobar definitivamente a actuación indicada, á vista das autorizacións das administracións sectoriais presentadas.”

**12.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA SUBMINISTRACIÓN “ADQUISICIÓN DE COLECTORES, CUBRECOLECTORES E COMPOSTEIROS”, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE FISTERRA, INCLUÍDO NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016 .**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o novo prego de prescricións técnicas presentado polo Concello de Fisterra, relativo á actuación que se detalla a continuación, que aínda que non afecta ao orzamento, ao cadro de financiamento e á finalidade, contén modificacións substanciais que afectan ao 56 % das súas partidas:

| CONCELLO | EXPTE         | ACTUACIÓN   | FINANCIAMENTO |          |           |
|----------|---------------|---|---------------|----------|-----------|
|          |               |   | DEPUTACIÓN    | CONCELLO | TOTAL     |
| Fisterra | 2016000008933 | Adquisición de colectores, cubrecolectores e composteiros | 13.017,37     | 2.126,80 | 15.124,17 |

**13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA “SUBMINISTRACIÓN DE TRACTOR DESBRAVADORA DE BRAZO, MÁQUINA APISOADORA E MÁQUINA VARREDORA”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Brión para financiar as subministracións incluídas nos pregos de prescricións cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| CONCELLO                        | Brión  |
|---------------------------------|--|
| DENOMINACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN | Subministración de tractor desbravadora de brazo, máquina apisoadora e máquina varredora |
| ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN    | 125.000.00 €   |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN            | 100.000,00 €   |
| ACHEGA DO CONCELLO              | 25.000,00 €  |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO    | 80,00000 %   |
| PARTIDA ORZAMENTARIA            | 0430/4541/76201  |

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2017.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

**ANEXO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DE TRACTOR CON DESBRAVADORA DE BRAZO, APISOADORA E MÁQUINA VARREDORA**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Brión , Xosé Luis García García

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Brión ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión, con CIF P1501300F, para o financiamento do investimento de “Subministración de tractor con desbravadora de brazo, apisoadora e máquina varredora”, tal como aparece definidas estas nos pregos de prescricións técnicas redactado pola arquitecta Mónica Arias Carriba.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora, achega ao expediente un exemplar do prego de prescricións técnicas, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas. O dito prego foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

### II. Orzamento da subministración

O orzamento total da subministración co IVE engadido, segundo o prego de prescricións técnicas ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

|                   |              |
|-------------------|--------------|
| Orzamento sen IVE | 103.305,78 € |
|-------------------|--------------|

|                         |              |
|-------------------------|--------------|
| Orzamento co 21% de IVE | 125.000,00 € |
|-------------------------|--------------|

### III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento da subministración, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración, e polo tanto non serán subvencionables os gastos de redacción do Prego, tributos percibidos ou la obtención de licenzas, honorarios por dirección, control

de calidade etc... Tampouco se financiará os incrementos de gastos derivados da execución da subministración.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2017. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. Contratación e execución**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato da subministración

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, a entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da subministración, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de subministración, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII
- Declaración de outras axudas ou subvención solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao abono do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pagamento do ben.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pagamento efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

## **VII. Termo para a finalización do investimento e prazo de xustificación**

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na cláusula I, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do presuposto da deputación lle poida corresponder.

### **VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e

nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2018**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.



2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizada a subministración e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2020**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de  
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello de  
Brión

Xosé Regueira Varela

Xosé Luis García García"

**14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “REPOSICIÓN DE CAPA DE RODADURA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BÉRTOA”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Carballo para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| CONCELLO                     | Carballo  |
|------------------------------|---|
| DENOMINACIÓN DA OBRA         | Reposición de capa de rodadura en Polígono Industrial de Bértoa |
| ORZAMENTO DO PROXECTO        | 164.793,25 €  |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN         | 131.834,60 €  |
| ACHEGA DO CONCELLO           | 32.958,65 €   |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 80,00000 %  |
| PARTIDA ORZAMENTARIA         | 0430/1532/76201   |

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/1532/76201 do orzamento provincial para o ano 2017.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

**ANEXO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE REPOSICIÓN DE CAPA DE RODADURA NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE BÉRTOA**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Carballo, Evencio Ferreiro Rodríguez

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Carballo ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

### I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo, con CIF P1501900C para o financiamento da obra de “Reposición de capa de rodadura no Polígono Industrial de Bértoa”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro técnico industrial, Jesús Manuel Mallo Puga.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

### II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

|                              |              |
|------------------------------|--------------|
| Orzamento execución material | 114.447,71 € |
| Gastos Xerais (13%)          | 14.878,20 €  |
| Beneficio industrial (6%)    | 6.866,86 €   |
| IVE (21 %)                   | 28.600,48 €  |
| Orzamento da contrata        | 164.793,25 € |

### III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 131.834,60 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/1532/76201 do orzamento provincial para o ano 2017. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. Contratación e execución**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V. Publicidade do financiamento provincial**

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial**

1. Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal

que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

#### **VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX. Destino e manexo dos fondos recibidos**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

#### **X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo**

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención

provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. Reintegro, infraccións e sancións**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

### **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2018**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2020**; todo iso, igualmente condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.



3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

## **XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación**

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2018**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de



crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2020**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de  
Cooperación cos Concellos

O alcalde-presidente do Concello de Zas

Xosé Regueira Varela

Manuel Muíño Espasandín

**27.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REPARACIÓN INTERIORES EN PEGARIÑOS E OUTRO”, DO CONCELLO DE AMES, INCLUÍDA NO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015 CO CÓDIGO 15.3290.0008.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria do 27 de marzo de 2015, polo que se aprobou o Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica

Logo de presentar telematicamente o Concello de Ames un proxecto modificado desta obra, sen variación do seu orzamento total e que non implica unha modificación substancial, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que conta coa conformidade do contratista adxudicatario da obra

Logo de ver as bases reguladoras do PAI 2015, aprobadas polo Pleno desta deputación o 27 de novembro de 2014 e publicadas no BOP número 231, do 2 de decembro de 2014, modificadas mediante acordos plenarios do 8 de outubro de 2015 (BOP número 196 do 14 de outubro de 2015) e do 28 de outubro de 2016 (BOP número 207 do 2 de novembro de 2016)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra “Reparación interiores en Pegariños e outro”, do Concello Ames, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 co código 15.3290.0008.0 e cos datos que se indican, que conta cos correspondentes informes técnico e xurídicos favorables e coa conformidade do contratista adxudicatario da obra, e que non supón modificación do seu orzamento total nin unha modificación substancial, pero si representa un cambio de trazado respecto do proxecto inicialmente aprobado.

|          |                |   | <b>FINANCIAMENTO</b>     |          |                    |
|----------|----------------|---|--------------------------|----------|--------------------|
| Concello | Código         | Denominación                                  | Deputación<br>F. propios | Concello | Orzamento<br>Total |
| Ames     | 15.3290.0008.0 | Reparación interiores en Pegariños e<br>outro | 81.315,99                | 0,00     | 81.315,99          |

A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos número 1/2017, no que se consigna, na partida 0430/9432/82120 do vixente orzamento provincial, crédito suficiente para o financiamento da achega provincial desta obra.”

**28.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REDE PLUVIAIS POLÍGONO DO TEMPLE E OUTRAS”, DO CONCELLO DE CAMBRE, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) ADICIONAL 1/2013, CO CÓDIGO 13.2101.0305.0, E RESOLUCIÓN DO CONTRATO COA EMPRESA ADXUDICATARIA DA OBRA.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver a Resolución da Presidencia desta deputación número 24104, do 17 de decembro de 2013, corrixida mediante a Resolución número 24661, do 20 de decembro de 2013, pola que se aproba o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2013, no que se inclúe a obra do Concello de Cambre que máis adiante se indica e que resultou aprobada definitivamente mediante a Resolución número 679, do 23 de xaneiro de 2014, despois de obter as correspondentes autorizacións desta Deputación e de Augas de Galicia.

Logo de resolver o Concello de Cambre, en xaneiro de 2017, o contrato de adxudicación desta obra, previos os correspondentes informes favorables, e que deberá ser obxecto dunha nova licitación, dado que o proxecto inicial non tiña unha valoración da xestión de residuos e existían diferenzas importantes entre o concello e o contratista en canto á valoración deste capítulo.

Logo de ver as Bases reguladoras deste Plan, aprobadas polo Pleno desta deputación o 26 de outubro de 2012 (BOP nº 207 do 30 de outubro de 2012) e modificadas mediante un novo acordo plenario do 21 de decembro de 2012 (BOP número 248, do 31 de decembro de 2012).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra “Rede pluviais polígono do Temple e outras” do Concello de Cambre, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) Adicional 1/2013, co código 13.2101.0305.0, que foi adxudicada polo concello en decembro de 2014 e que posteriormente resolveu, non estando aínda iniciada a obra, en xaneiro de 2017, previos os correspondentes informes favorables, por non ter o proxecto inicial unha valoración da xestión de residuos e existir diferenzas importantes entre o concello e o contratista en canto á valoración deste capítulo, o que supón un incremento do seu orzamento total, e debendo ser obxecto dunha nova licitación, asumindo o Concello de Cambre a diferenza entre o importe do proxecto modificado e o prezo da adxudicación inicial, co seguinte financiamento:

| Código         | Concello | Denominación                              | Axentes    | Proxecto Inicial | Proxecto modificado | Diferenza |
|----------------|----------|---|------------|------------------|---------------------|-----------|
| 13.2101.0305.0 | Cambre   | Rede pluviais polígono do Temple e outras | Deputación | 83.388,30        | 83.388,30           | 0,00      |
|                |          |   | Concello   | 82.013,33        | 82.778,69           | 765,36    |
|                |          |   | Total      | 165.401,63       | 166.166,99          | 765,36    |

2º.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos número 1/2017, no que se consigna, na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, crédito suficiente para o financiamento da achega provincial desta obra.”

**29.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES DE TEIXEIRO” DO CONCELLO DE CURTIS, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 3ª FASE (CÓDIGO 2015.3110.0058.0).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación, na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, polo que se aprobou a 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015.

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 3ª fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Curtis denominada “Rehabilitación edificio de usos múltiples de Teixeira”, co código 2015.3110.0058.0

Logo de presentar o Concello de Curtis un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, debido a que durante a súa execución xurdiron algunhas circunstancias non previstas inicialmente, así como os informes técnicos e xurídicos favorables a súa modificación e a certificación da súa aprobación polo concello

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Curtis denominada “Rehabilitación edificio de usos múltiples de Teixeira”, incluída na 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0058.0, que foi aprobada polo pleno desta Deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, cun orzamento de contrata de 67.000,00 euros, que non representa unha variación do seu orzamento, nin varía o seu obxecto e finalidade, aínda que supón a introdución de cambios internos nalgúns partidas debido a algunhas circunstancias non previsibles inicialmente que os fan necesarios para manter o obxecto deste proxecto

| <b>CONCELLO</b> | <b>CÓDIGO PARTIDA</b>                | <b>DENOMINACIÓN</b>                                   | <b>ACHEGA</b> | <b>ACHEGA</b> | <b>TOTAL</b> |
|-----------------|--------------------------------------|---|---------------|---------------|--------------|
| CURTIS          | 2015.3110.0058.0<br>0430 93393 76201 | Rehabilitación edificio de usos múltiples de Teixeira | 67.000,00     | 0,00          | 67.000,00    |

O aboamento da achega da Deputación a esta obra farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/93393/76201 do vixente orzamento provincial.

2.-Comunicarlle ao Concello de Curtis a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

**30.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "MELLORA DO CAMIÑO DA ÍNSUA-FISTERRA", DO CONCELLO DE FISTERRA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016 CO CÓDIGO 16.2100.0080.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica.

Logo de aprobar o Concello de Fisterra un proxecto modificado desa obra con variación económica, previos os informes técnico e xurídico favorables e coa conformidade do contratista adxudicatario da obra.

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra "Mellora do Camiño á Insua-Fisterra", do Concello de Fisterra, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0080.0 que representa un incremento no seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Fisterra, tal e como se indica na seguinte táboa:

| Axentes cofinanciadores | Proxecto inicial Contrata | Proxecto modificado Contrata | Diferenza Contrata | Proxecto inicial Adxudicación | Proxecto modificado Adxudicación | Diferenza Adxudicación |
|-------------------------|---------------------------|------------------------------|--------------------|-------------------------------|----------------------------------|------------------------|
| Deputación              | 75.890,00                 | 75.890,00                    | 0,00               | 70.000,00                     | 70.000,00                        | 0,00                   |
| Concello                | 0,00                      | 1.634,54                     | 1.634,54           | 0,00                          | 1.507,68                         | 1.507,68               |
| <b>TOTAL</b>            | <b>75.890,00</b>          | <b>77.524,54</b>             | <b>1.634,54</b>    | <b>70.000</b>                 | <b>71.507,68</b>                 | <b>1.507,68</b>        |

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.”

**31.- APROBACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS MODIFICADO DA SUBMINISTRACIÓN “MELLORA DA ILUMINACIÓN NO CAMIÑO A ÍNSUA” DO CONCELLO DE FISTERRA, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 3ª FASE (CÓDIGO 2015.3110.0071.0).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial

da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, polo que se aprobou a 3ª fase do Plan de Acción Social (PAS) 2015

Logo de ver que no anexo I a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen nesta 3ª fase no apartado PAS-INVESTIMENTOS, no que figura, entre outras, a subministración do Concello de Fisterra denominada “Mellora da iluminación no camiño a Insua”, co código 2015.3110.0071.0

Logo de presentar o Concello de Fisterra un prego de prescricións modificado deste investimento, sen variación económica, que aínda está sen adxudicar, así como os informes técnicos e xurídicos favorables a súa modificación e a certificación da súa aprobación polo concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña

#### ACORDA

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto considérase levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar o prego de prescricións modificado da subministración do Concello de Fisterra denominada “Mellora da iluminación no camiño a Insua”, incluída na 3ª fase do Plan de acción social (PAS) 2015, co código 2015.3110.0071.0, que foi aprobada polo pleno desta Deputación na sesión realizada o día 27 de maio de 2016, cun orzamento de contrata de 45.562,36 €, que non representa unha variación do seu orzamento, pero supón a introdución de cambios internos nalgunhas partidas :

| <b>CONCELLO</b> | <b>CÓDIGO PARTIDA</b>              | <b>DENOMINACIÓN</b>                         | <b>ACHEGA DEPUTACIÓN</b> | <b>ACHEGA MUNICIPAL</b> | <b>TOTAL</b> |
|-----------------|------------------------------------|---|--------------------------|-------------------------|--------------|
| FISTERRA        | 2015.3110.0071.0<br>0430 165 76201 | Mellora da iluminación<br>no camiño a Insua | 45.562,36                | 0,00                    | 45.562,36    |

O aboamento da achega da deputación a esta subministración farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/165/76201 do vixente orzamento provincial.

3.-Comunicarlle ao Concello de Fisterra a aprobación deste prego de prescricións modificado da subministración citada para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

**32.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “RENOVACIÓN ALUMEADO PÚBLICO EN VARIOS LUGARES: ESTRADA A IGREXA E OUTROS” DO CONCELLO DE MAÑÓN, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015, 2ª FASE, APARTADO CONVENIOS, CÓDIGO 2015.3110.0409.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación, na sesión realizada o día 30 de decembro de 2015, polo que se aprobou o Plan de acción social (PAS) 2015, 2ª fase, apartado convenios

Logo de presentar o Concello de Mañón un proxecto modificado da obra que mais adiante se indica, sen variación económica, debido a un erro na representación gráfica e na denominación dun orzamento parcial do proxecto técnico inicial

1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto considérase levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Mañón “Renovación alumeado público en varios lugares: Estrada a Igrexa e outros”, incluída no Plan de acción social (PAS) 2015 2ª fase, apartado convenios, co código 2015.3110.0409.0, que foi aprobada polo pleno desta Deputación na sesión realizada o día 30 de decembro de 2015, cun orzamento de contrata de 78.665,22 euros, dado que non representa unha variación do orzamento de contrata do proxecto técnico inicial, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, pero que supón a corrección do erro na representación gráfica e denominación dun orzamento parcial.

| CONCELLO | CÓDIGO PARTIDA                      | DENOMINACIÓN   | ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA MUNICIPAL | TOTAL     |
|----------|-------------------------------------|--|-------------------|------------------|-----------|
| MAÑÓN    | 2015.3110.0409.0<br>0430 1651 76201 | Renovación alumeado público en varios lugares: Estrada a Igrexa e outros | 78.665,22         | 0,00             | 78.665,22 |

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á entrada en vigor do EMC1/2017, no que se consigna crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra na partida 0430/1651/76201.

3.-Comunicar ao concello a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

**33.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “ORDENACIÓN DO APARCADOIRO DE BASTIAGUEIRO”, DO CONCELLO DE OLEIROS, COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN 70/2016.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo do Pleno desta corporación do 29 de abril de 2016, polo que se aproba, entre outros, o seguinte convenio de colaboración co Concello de Oleiros:

| <i>Concello</i> | <i>Nº Convenio</i> | <i>Denominación</i>                              | <i>Deputación Fondos propios</i> | <i>Concello</i>    | <i>Orzamento Total</i> |
|-----------------|--------------------|--|----------------------------------|--------------------|------------------------|
| <i>Oleiros</i>  | <i>70/2016</i>     | <i>Ordenación do aparcadoiro de Bastiagueiro</i> | <i>79.997,00 €</i>               | <i>60.003,01 €</i> | <i>140.000,01 €</i>    |

Logo de aprobar o Concello de Oleiros un proxecto modificado desta obra sen incremento do seu orzamento, mediante Decreto de Alcaldía do 03 de marzo de 2017, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1. Aprobar a modificación do proxecto da obra “Ordenación do aparcadoiro de Bastiagueiro”, do Concello de Oleiros, que non representa un incremento no seu orzamento respecto do proxecto técnico inicial, nin varía o seu obxecto nin a súa finalidade, aínda que inclúe modificacións internas das partidas do seu orzamento con respecto ao proxecto inicial.

| <i>Proxecto modificado “Ordenación do aparcadoiro de Bastiagueiro” do Concello de Oleiros</i> |   |  |                  |
|---|---|--|------------------|
| <i>Axentes financeiros</i>  | <i>Orzamento de contrata proxecto inicial</i> | <i>Orzamento de contrata proxecto modificado</i> | <i>Diferenza</i> |
| <i>Deputación</i>   | <i>79.997,00</i>                              | <i>79.997,00</i>                                 | <i>0,00</i>      |
| <i>Concello</i>   | <i>60.003,01</i>                              | <i>60.003,01</i>                                 | <i>0,00</i>      |
| <i>Total</i>  | <i>140.000,01</i>                             | <i>140.000,01</i>                                | <i>0,00</i>      |

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/93391/76201 do vixente orzamento provincial

2.-Comunicarlle ao Concello de Oleiros a aprobación deste proxecto modificado da obra citada para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

**34.- APROBACIÓN DO PREGO MODIFICADO DA SUBMINISTRACIÓN “RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN NA PARROQUIA DE CASTROFEITO: LUGAR DE SANTISO E OUTROS”, DO CONCELLO DO PINO, INCLUÍDA NO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016 CO CÓDIGO 16.3290.0055.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:



“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 27 de maio de 2016, polo que se aprobou o Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, no que se inclúe a subministración que máis adiante se indica.

Logo de presentar telematicamente o Concello do Pino un prego modificado desta subministración, sen variación do seu orzamento total, aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, e coa conformidade do contratista adxudicatario da subministración

Logo de ver as Bases reguladoras do PAI 2016, aprobadas mediante acordo plenario do 30 de decembro de 2015 (BOP número 2 do 5 de xaneiro de 2016), posteriormente modificadas mediante novo acordo plenario do 28 de outubro de 2016 (BOP número 208 do 3 de novembro de 2016)

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o prego modificado da subministración “Renovación iluminación na parroquia de Castrofeito: lugar de Santiso e outros“, do Concello do Pino, incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 16.3290.0055.0, modificación que foi aprobada polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do contratista adxudicatario da subministración, e que non supón unha modificación do seu orzamento total nin unha variación do seu obxecto e finalidade, pero representa unha alteración do seu trazado con respecto do trazado previsto no prego inicialmente aprobado, cos seguintes datos:

| Concello | Código         | Denominación  | FINANCIAMENTO       |                 |                 |
|----------|----------------|---|---------------------|-----------------|-----------------|
|          |                |   | Préstamo deputación | Achega concello | Orzamento Total |
| O PINO   | 16.3290.0055.0 | Renovación iluminación na parroquia de Castrofeito: lugar de Santiso e outros | 70.986,80           | 0,00            | 70.986,80       |

O préstamo provincial asignado a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/9433/82120 do vixente orzamento provincial.”

### **35.- APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2017 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 28 DE FEBREIRO DE 2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de febreiro de 2017.

2.- Tomar coñecemento da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial e polo Consorcio contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 28 de febreiro de 2017.

3.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.”

### **36.- APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 28/02/2017 E PROXECCIÓN A 31/12/2017.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 28 de febreiro de 2017, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2017, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2016 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

### **37.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA DO ORZAMENTO 2016 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA E DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.**

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento da liquidación consolidada do orzamento do exercicio 2016 da Deputación provincial e a do Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento da Coruña co seguinte detalle:

| ANO 2016 -INGRESOS          | Previsións Orzamentarias |                | Dereitos Reconocidos Netos | Recadación Líquida |
|-----------------------------|--------------------------|----------------|----------------------------|--------------------|
|                             | P. Iniciais              | P. Definitivos |                            |                    |
| <b>Ingresos</b>             |                          |                |                            |                    |
| <b>Capítulos Económicos</b> |                          |                |                            |                    |
| 1. Impostos directos        | 16.113.432,58            | 16.113.432,58  | 17.909.403,08              | 16.646.465,74      |

|                                      |                       |                       |                       |                       |
|--------------------------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| 2. Impostos indirectos               | 14.396.701,53         | 14.396.701,53         | 15.224.220,27         | 14.036.406,52         |
| 3. Taxas e outros impostos           | 12.361.993,50         | 12.361.993,50         | 13.482.986,52         | 12.866.486,19         |
| 4. Transferencias correntes          | 135.111.077,10        | 136.445.966,82        | 149.464.821,50        | 137.683.353,70        |
| 5. Ingresos patrimoniais.            | 717.448,65            | 717.448,65            | 753.768,24            | 753.768,24            |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>    | <b>178.700.653,36</b> | <b>180.035.543,08</b> | <b>196.835.199,61</b> | <b>181.986.480,39</b> |
| 6. Alleamento de investimentos reais | 1.569.708,00          | 1.569.708,00          | 20.138,21             | 16.839,38             |
| 7. Transferencias de capital         | 0,00                  | 6.409.606,45          | -11.150,27            | -78.444,69            |
| 8. Activos financeiros               | 475.045,82            | 183.491.371,92        | 777.747,71            | 777.747,71            |
| 9. Pasivos financeiros               | 0,00                  | 0,00                  | 0,00                  | 0,00                  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>   | <b>2.044.753,82</b>   | <b>191.470.686,37</b> | <b>786.735,65</b>     | <b>716.142,40</b>     |
| <b>TOTAL CAPÍTULOS</b>               | <b>180.745.407,18</b> | <b>371.506.229,45</b> | <b>197.621.935,26</b> | <b>182.702.622,79</b> |

| ANO 2016 - GASTOS                            | Créditos Orzamentarios |                       | Obrigacións Recoñecidas Netas | Pagos Realizados      |
|--|------------------------|-----------------------|-------------------------------|-----------------------|
|  | C. Iniciais            | C. Definitivos        |                               |                       |
| <b>Gastos</b>                                |                        |                       |                               |                       |
| <b>Capítulos Económicos</b>                  |                        |                       |                               |                       |
| 1. Gastos de Persoal                         | 40.133.415,56          | 40.613.731,18         | 36.838.819,40                 | 36.797.749,23         |
| 2. Gastos en Bens Correntes e Servizos       | 30.621.188,09          | 39.581.469,80         | 25.297.414,76                 | 24.986.042,94         |
| 3. Gastos Financeiros                        | 27.200,00              | 90.051,56             | 61.902,74                     | 57.437,01             |
| 4. Transferencias Correntes                  | 42.561.166,10          | 60.101.400,66         | 32.047.624,79                 | 31.310.492,29         |
| 5. Fondos de Continxencia e out. imprevistos | 3.512.000,00           | 3.512.000,00          | 0,00                          | 0,00                  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>            | <b>116.854.969,75</b>  | <b>143.898.653,20</b> | <b>94.245.761,69</b>          | <b>93.151.721,47</b>  |
| 6. Investimentos Reais                       | 22.469.666,43          | 58.027.533,09         | 13.690.192,57                 | 13.628.267,81         |
| 7. Transferencias de Capital                 | 19.355.000,00          | 142.305.746,12        | 25.508.801,71                 | 24.699.610,70         |
| 8. Activos Financeiros                       | 22.065.771,00          | 27.274.297,04         | 11.478.508,81                 | 11.478.508,81         |
| 9. Pasivos Financeiros                       | 0,00                   | 0,00                  | 0,00                          | 0,00                  |
| <b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>           | <b>63.890.437,43</b>   | <b>227.607.576,25</b> | <b>50.677.503,09</b>          | <b>49.806.387,32</b>  |
| <b>TOTAL CAPÍTULOS</b>                       | <b>180.745.407,18</b>  | <b>371.506.229,45</b> | <b>144.923.264,78</b>         | <b>142.958.108,79</b> |

**SEGUNDO:** Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de Internet da Deputación provincial.

### **38.-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE APROBAN OS PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO 2018-2020.**

O Pleno toma coñecemento do contido dos Plans orzamentarios a medio prazo 2018-2020, de aprobación polo presidente.

### **39.-PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA CENTRAL SINDICAL INDEPENDIENTE Y DE FUNCIONARIOS CSIF CONTRA O ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2017.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (13 do PP, 7 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

#### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

“Visto o expediente relativo ao recurso interposto pola Unión Provincial da Coruña da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-F) contra o acordo plenario do 23/12/2016 polo que se desestiman parcialmente as alegacións presentadas pola CSI-F contra a relación de postos de traballo para o ano 2017 no que se acreditan os seguintes

#### **I.- ANTECEDENTES**

**I.1.-** O 18/11/2016 aprobouse inicialmente a relación de postos de traballo para o ano 2017 (BOP nº 220 do 21/11/2016).

**I.2.-** O 19/12/2016 a CSIF presentou reclamación contra a supresión dos factores da Xefatura de negociado de nóminas e da Xefatura de sección de Información e Actas, solicitando tamén a supresión nas observacións dos postos de auxiliares técnicos de Vías e Obras e certos postos de traballo das zonas recadatorias da expresión “condución de vehículos” alegando que implica unha nova obriga.

**I.3.-** Na sesión plenaria do 23/12/2016, entre outros acordos, desestimouse a petición feita pola CSIF de supresión da observación “condución de vehículos” nos postos de traballo das zonas recadatorias e nos postos de auxiliares técnicos de vías e obras, acordo que foi notificado á CSIF o 22/02/2017.

**I.4.-** O 20/03/2017 ten entrada no Rexistro Xeral da Deputación escrito da CSIF polo que interpón recurso de reposición obxecto deste acordo, alegando en síntese, ausencia de negociación e falta de motivación.

#### **II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**II.1.** No que respecta á falta de negociación, cómpre sinalar que a proposta de relación de postos de traballo formulada pola Corporación foi obxecto de negociación na Mesa

Xeral de Negociación celebrada o día 04/11/2016, como trámite previo á súa aprobación polo Pleno, e que na devandita proposta recollíase a observación “condución de vehículos” para o postos obxecto de debate. Cumpriuse por tanto coa esixencia legal de negociación, debendo lembrar que a administración ten a obrigaón de negociar pero non ten a obrigaón de chegar forzosamente a un acordo (SSTS do 04/03/2003, 17/02/2003 e 09/06/2008, entre outras).

**II.2.** A inclusión da expresión “condución de vehículos” na columna observacións da relación de postos de traballo non supón unha modificación nas condicións de desempeño do posto, nin ningunha obrigaón nova para os seus ocupantes. Efectivamente, tanto os auxiliares técnicos de Vías e Obras como o persoal laboral das zonas recadatorias veñen utilizado habitualmente vehículos para o desenvolvemento das súas funcións (da Deputación no primeiro caso e os seus propios vehículos no segundo), no caso do persoal das zonas recadatorias desde a creación do Servizo en 1988 e no do persoal de Vías e Obras desde que existen os postos citados. Unicamente no ano 2016 e respecto ao persoal das zonas recadatorias, por problemas relacionados coa legalidade do aboamento do seguro dos vehículos dos traballadores por parte da Deputación, está a utilizarse o servizo de taxis en tanto se tramita a adquisición ou arrendamento financeiro de vehículos para que estes traballadores non teñan que utilizar os seus propios.

## **ACORDA**

Desestimar o recurso de reposición interposto pola Unión Provincial da Coruña da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-F) contra o acordo plenario do 23/12/2016 polo que se desestiman parcialmente as alegacións presentadas pola CSI-F contra a relación de postos de traballo para o ano 2017.”

## **40.-APROBACIÓN DO PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS 2017-2019.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (13 do PP, 7 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

**“Aprobar o PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS 2017-2019:**

## **I.- CONCEPTO E NORMATIVA**

O Estatuto básico do empregado público aprobado en virtude do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece no seu artigo 69:

“Obxectivos e instrumentos da planificación.

A planificación de recursos humanos nas Administracións públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción, profesionalidade e mobilidade.

As Administracións públicas poderán aprobar Plans para a ordenación dos seus recursos humanos, que inclúan, entre outras, algunhas das seguintes medidas:

Análise das dispoñibilidades e necesidades de persoal, tanto dende o punto de vista do número de efectivos, como do dos perfís profesionais ou niveis de cualificación destes.

Previsións sobre os sistemas de organización do traballo e modificacións de estruturas de postos de traballo.

Medidas de mobilidade, entre as cales poderá figurar a suspensión de incorporacións de persoal externo a un determinado ámbito ou a convocatoria a concursos de provisión de postos limitados a persoal de ámbitos que se determinen.

Medidas de promoción interna e de formación profesional e de mobilidade forzosa de conformidade co disposto no capítulo III do presente título deste Estatuto.

A previsión da incorporación de recursos humanos a través da Oferta de Emprego Público, de acordo co establecido no artigo seguinte.

Cada Administración pública planificará os seus recursos humanos de acordo cos sistemas que establezan as normas que lle sexan de aplicación.”

Por outra banda, a Lei do 29 de abril de 2015, do emprego público de Galicia, regula no seu artigo 47 os plans de ordenación de recursos humanos, recollendo que:

"Plans de ordenación de recursos humanos

1. As Administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei poden elaborar plans de ordenación de recursos humanos, referidos tanto ao persoal funcionario como ao laboral, que conterán, de forma conxunta, as actuacións que han de desenvolverse para a óptima utilización dos recursos humanos no ámbito ao que afecten, dentro dos límites orzamentarios e de acordo coas directrices de política de persoal.

2. As actuacións previstas para o persoal laboral nos plans de ordenación de recursos humanos desenvolveranse de conformidade co establecido na lexislación laboral e nos convenios colectivos aplicables.

3. A elaboración dos plans de ordenación de recursos humanos contemplados neste artigo virá precedida dunha análise de dispoñibilidades e necesidades de persoal, desde o punto de vista, tanto do número de efectivos como dos seus perfís profesionais ou niveis de cualificación, no conxunto de persoal da respectiva Administración pública, ou nun determinado sector orgánico ou funcional desta.

4. Os plans de ordenación de recursos humanos conterán necesariamente as seguintes previsións:

- a) O ámbito de aplicación e vixencia.
- b) Os obxectivos.
- c) As medidas de ordenación de recursos humanos previstas.
- d) O cronograma detallado da súa implantación e aplicación.
- e) O informe económico-financeiro.

5. Os plans de ordenación de recursos humanos poderán conter, entre outras, as seguintes medidas de ordenación de recursos humanos:

- a) Previsións sobre modificación de estruturas organizativas e de postos de traballo.
- b) Suspensión de incorporacións de persoal externo ao ámbito afectado polo plan, tanto as derivadas da oferta de emprego público como de procesos de mobilidade.
- c) Medidas de mobilidade voluntaria, entre as cales poderá figurar a convocatoria de concursos de provisión de postos limitados ao persoal do ámbito que se determine.
- d) Medidas de mobilidade forzosa das previstas na sección 4.<sup>a</sup> do capítulo III do título VI.
- e) Necesidades adicionais de recursos humanos, que deberán integrarse, no seu caso, na oferta de emprego público, así como a exclusión por causas obxectivas sobrevindas de prazos inicialmente incluídas nela.

6. Na elaboración e aplicación dos plans de ordenación de recursos humanos atenderase, con absoluta prioridade, ao principio de igualdade e de non discriminación por razón de sexo.”

Pola súa vez, o artigo 37 do Estatuto básico do empregado público establece no seu número 1.c):

“Serán obxecto de negociación, no seu ámbito e en relación coas competencias de cada Administración pública e co alcance que legalmente proceda, en cada caso, as materias seguintes:

...

c) As normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo, e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos.”

## **II.- AMBITO DE APLICACIÓN E VIXENCIA**

Ámbito de aplicación

As medidas contidas neste plan de ordenación de recursos humanos serán de aplicación ao persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Vixencia

O goberno provincial comprométese a executar o Plan de ordenación 2017-2019, no período determinado polo mandato electoral da actual Corporación municipal.

## **III.- OBXECTIVOS**

O presente plan de ordenación de recursos humanos pretende potenciar a asistencia económica, técnica e xurídica que a Deputación da Coruña presta aos concellos, así como os servizos que desenvolve cara á cidadanía.

Para acadar este ambicioso obxectivo é necesario acometer unha serie de medidas que posibiliten unha Deputación aínda máis aberta aos concellos e a cidadanía. Interrelacionadas entre si e actuando de modo sinérxico, as ditas medidas permitirán que os servizos e unidades que conforman a Deputación poidan dedicar máis recursos humanos a incrementar e mellorar os servizos aos concellos e á cidadanía. Trátase de gañar en eficacia na xestión interna, promover a máxima eficiencia do persoal e mellorar os fluxos de traballo e a coordinación.

O éxito do plan virá marcado en gran medida na obtención do máximo rédito posible das capacidades e coñecementos dos empregados públicos, mediante medidas que potencien a tecnificación e o compromiso do cadro do persoal, para así poder acometer con garantías as novas funcións e responsabilidades.

Con base no descrito anteriormente, preténdese alcanzar os obxectivos seguintes:

- Potenciar a asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos, principalmente aos de menor capacidade económica, mediante a definición de novas funcións nos postos de traballo. O que se pretende é que aínda que o maior peso recaia no persoal dos Servizos específicos de Asistencia Técnica, Xurídica e Económica, todo o persoal da Deputación colabore, en maior ou menor medida, na asistencia aos concellos. Por iso realizarase unha nova definición de funcións de todos os postos de traballo cos representantes sindicais, que suporá unha maior implicación do persoal para mellorar o servizo aos municipios e garantir a transversalidade funcional necesaria para permitir unha utilización máis eficiente dos recursos humanos entre servizos e unidades que permita reforzar os servizos que en momentos puntuais o requiran.

- Acometer a corrección dos desequilibrios observados nas retribucións dos postos de traballo ao valorarse coa Corporación anterior unicamente unha parte deles. Para iso realizarase unha valoración global, conxunta e sistemática de todos os postos de traballo da Deputación para corrixir os devanditos desequilibrios e incorporar as funcións comentadas no parágrafo anterior, utilizando métodos obxectivos que se negociarán cos representantes sindicais.

- Promover a tecnificación do persoal mediante a implementación de procesos de promoción interna e carreira profesional, tanto horizontal como vertical, e facer efectivo o dereito á promoción profesional. Estas ferramentas, ademais dun dereito dos funcionarios públicos, constitúe unha ferramenta que a administración debe utilizar para aproveitar todo o potencial que os empregados públicos van adquirindo ao longo da súa vida administrativa para desenvolver as funcións correspondentes aos grupos de clasificación superiores. Esta decisión determina a necesidade de realizar procesos de cualificación e especialización do persoal, que obriga a pór en marcha programas de formación que permitan dotar os traballadores da cualificación necesaria para afrontar os novos labores. Non en balde a formación dos empregados públicos constitúe un instrumento capital para a mellora da prestación profesional, para o aumento da calidade na prestación dos servizos públicos e para acrecentar o sentido do servizo aos intereses xerais.

- Reducir o emprego temporal mediante procesos de consolidación e o desenvolvemento das ofertas de emprego público correspondente, co fin de dar estabilidade ao maior número de postos de traballo posible, reducindo desta maneira o emprego temporal. Contemplaranse por tanto todas as prazas vacantes interinadas que por lei poidan ser obxecto de consolidación cumprindo os requisitos establecidos na disposición transitoria cuarta da Lei do estatuto básico do empregado público. Tamén se desenvolverán as ofertas de emprego público correspondentes aténdose ao disposto na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado.

- Promover o rexuvenecemento do cadro de persoal a través dun plan que, entre outros aspectos, posibilite as xubilacións parciais e incentive as xubilacións anticipadas de acordo á legalidade vixente.



#### **IV.- MEDIDAS DE DESENVOLVEMENTO**

As medidas que permitirán a implantación do Plan de ordenación son as seguintes:

##### 1.- Modificación da relación de postos de traballo

Na actualidade estanse desenvolvendo os procesos selectivos correspondentes á promoción interna das seguintes categorías (BOP nº 78 de abril de 2016):

Administrativo/a de administración xeral (C1)  
Técnico/a de xestión de administración xeral (A2)  
Técnico/a de organización (A1)  
Técnico/a especialista en delineación (B)  
Técnico/a especialista en informática (B)  
Técnico/a superior en educación infantil (B)

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno do 15 de abril de 2016, co fin de manter o número de postos de traballo e prazas no cadro de persoal, transformaranse as prazas dos traballadores que superen a fase de oposición nas prazas obxecto das convocatorias, mantendo cada un dos aprobados o seu posto de traballo.

A estas transformacións poderán engadirse outras que se consideren necesarias, como a creación do grupo B do corpo de técnicos de carácter facultativo, para cuxo desempeño se requirirá unha titulación de técnico superior da especialización de Administración, Artes Gráficas e Electricidade entre outras.

Para tal efecto, levarase a cabo a primeira modificación da relación de postos de traballo e cadro de persoal nos primeiros meses do ano 2017 coas modificacións presupostarias correspondentes.

##### 2.- Consolidación de emprego

Os plans de ordenación de recursos humanos poden conter entre outras, medidas de consolidación de emprego temporal.

A Lei do estatuto básico do empregado público, regula na súa disposición transitoria cuarta a consolidación de emprego temporal dispoñendo:

“As Administracións públicas poderán efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos ou prazas de carácter estrutural correspondentes ao seus distintos corpos, escalas ou categorías, que estean dotados orzamentariamente e estean desempeñados interina ou temporalmente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005.

Os procesos selectivos garantirán o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O contido das probas gardará relación cos procedementos, tarefas e función habituais dos postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso poderán valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas Administracións públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria.

Os procesos selectivos desenvolveranse conforme ao disposto nos apartados 1 e 3 do artigo 61 do presente Estatuto”.

O artigo 61 do EBEP dispón no seus apartados 1, 2 e 3 o seguinte:

“1. Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto.

Os órganos de selección velarán polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre sexos.

2. Os procedementos de selección coidarán especialmente a conexión entre o tipo de probas que se han superar e a adecuación ao desempeño das tarefas dos postos de traballo convocados, incluíndo, no seu caso, as probas prácticas que sexan precisas.

As probas poderán consistir na comprobación dos coñecementos e a capacidade analítica dos aspirantes, expresados de forma oral ou escrita, na realización de exercicios que demostren a posesión de habilidades e destrezas, na comprobación do dominio de linguas estranxeiras e, no seu caso, na superación de probas físicas.

3. Os procesos selectivos que inclúan, ademais das preceptivas probas de capacidade, a valoración de méritos dos aspirantes só poderán outorgar á devandita valoración unha puntuación proporcionada que non determinará, en ningún caso, por si mesma o resultado do proceso selectivo.”

De acordo co anterior convocaranse os procesos de selección correspondentes ás prazas seguintes de funcionarios, desempeñadas por persoal funcionario interino ou laboral temporal, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005:

| PRAZA                      | ESCALA | GRUPO/<br>SUBG. | CENTRO/SERVIZO                  |
|----------------------------|--------|-----------------|---------------------------------|
| Letrado/a adxunto/a        | AE     | A1              | Asesoría xurídica               |
| Cociñeiro/a                | AE     | C2              | Centro de día de menores Ferrol |
| Axudante/a de cociña       | AE     | AP              | Centro Calvo Sotelo             |
| Celador/a                  | AE     | AP              | Fogar Infantil Emilio Romay     |
| Mozo/a de servizo axudante | AE     | AP              | IES Puga Ramón                  |

O sistema selectivo será o de concurso-oposición. A fase de concurso será como máximo o 40% da puntuación total e valorarase a experiencia profesional e a formación.

Dentro da experiencia profesional valorarase o tempo de servizos prestados nas administracións públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria.

En todo caso, no momento que a lexislación o permita convocaranse novos procesos de selección.

### 3.- Oferta de emprego público 2017

De conformidade coa da Lei de presupostos xerais do Estado, a incorporación de novo persoal está suxeita a uns límites e requisitos, fixándose a taxa de reposición de efectivos ata un máximo do 100% en determinadas competencias nas Administracións públicas. No que afecta á Deputación provincial:

-Con competencias educativas, as prazas de persoal funcionario docente.

-Respecto do control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e en materia de seguridade social e de control da asignación eficiente dos recursos públicos.

- Respecto do asesoramento xurídico e da xestión de recursos públicos.
- Ás prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.
- Ás prazas de persoal que realiza a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego.

Nos sectores non recollidos nos apartados anteriores, a taxa de reposición fixarase ata un máximo do 50%.

Estas limitacións acadan ás prazas inmersas nos procesos de consolidación de emprego previstos na Disposición transitoria cuarta do Estatuto básico do empregado público.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos, aquelas prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

Segundo o artigo 70.3 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: “A oferta de emprego público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos”.

A Mesa xeral de negociación de empregados públicos acordou incluír nas ofertas de emprego as prazas de persoal docente.

Como consecuencia do dito acordo aprobouse a oferta de emprego de 2015, publicada no DOG nº 20 de 1 de febreiro de 2016 e a oferta de emprego de 2016, publicada no DOG nº 227 de 28 de novembro de 2016, que inclúen 14 prazas de profesores/as do IES Rafael Puga Ramón, IES Calvo Sotelo e Conservatorio de Danza.

Ao longo do ano 2016 producíronse as seguintes xubilacións, en sectores nos que a taxa de reposición de efectivos pode chegar ao 100%.

| POSTO                 | CENTRO DE TRABAJO/SERVIZO   |
|-----------------------|-----------------------------|
| Auxiliar educador/a   | Fogar Infantil Emilio Romay |
| Profesor/a            | IES Puga Ramón              |
| Celador/a             | Fogar Infantil Emilio Romay |
| Profesor/a            | IES Puga Ramón              |
| Oficial 1ª recadación | Tesourería                  |
| Oficial 1ª recadación | Tesourería                  |

Tamén se produciron as xubilacións que figuran a continuación, noutros sectores, polo que a taxa de reposición de efectivos podería acadar o 50%.

| POSTO                           | CENTRO DE TRABAJO/SERVIZO          |
|---------------------------------|------------------------------------|
| Analista técnico/a              | Servizo de informática             |
| Administrativo/a                | Intervención                       |
| Administrativo/a                | Tesourería                         |
| Técnico de arquivo e biblioteca | Arquivo                            |
| Administrativo/a                | Recursos humanos                   |
| Administrativo/a                | Intervención                       |
| Administrativo/a                | Recursos humanos                   |
| Ordenanza                       | Centro Calvo Sotelo                |
| Auxiliar administrativo/a       | Desenvolvemento territorial e m.a. |

Visto o anterior, a oferta de emprego 2017 conterá as seguintes prazas:

| PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA   |               |        |                                       |                                    |
|-----------------------------------|---------------|--------|---------------------------------------|------------------------------------|
| CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL |               |        |                                       |                                    |
| GRUPO/<br>SUBG.                   | CLASIFICACIÓN | PRAZAS | DENOMINACIÓN                          | ADSCRICIÓN                         |
| A1                                | AE            | 1      | Letrado/a adxunto/a                   | Asesoría Xurídica                  |
| C2                                | AE            | 1      | Cociñeiro/a                           | Centro de día de menores de Ferrol |
| AP                                | AE            | 1      | Axudante/a de cociña                  | Centro Calvo Sotelo                |
| AP                                | AE            | 1      | Celador/a                             | Fogar Infantil Emilio Romay        |
| AP                                | AE            | 1      | Mozo/a de servizo axudante            | IES Puga Ramón                     |
| ACCESO LIBRE                      |               |        |                                       |                                    |
| A1                                | AE            | 1      | Profesor/a Secundaria Inglés          | IES Puga Ramón                     |
| A1                                | AE            | 1      | Profesor/a Secundaria Francés         | IES Puga Ramón                     |
| A1                                | AE            | 1      | Profesor/a Secundaria Matemáticas     | IES Puga Ramón                     |
| A1                                | AE            | 1      | Profesor/a Secundaria Lingua Castelán | IES Puga Ramón                     |
| A1                                | AE            | 1      | Profesor/a Educ. Física               | IES Puga Ramón                     |

Non se inclúe a praza de profesor/a de relixión con base no establecido na Disposición adicional terceira da Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación:

“2. Os profesores que, non pertencendo ao corpo de funcionarios docentes, impartan o ensino das relixións nos centros públicos farano en réxime de contratación laboral, de conformidade co Estatuto dos traballadores, coas respectivas administracións competentes. A regulación do seu réxime laboral farase coa participación dos representantes do profesorado. Accederase ao destino mediante criterios obxectivos de igualdade, mérito e capacidade. Estes profesores percibirán as retribucións que correspondan no respectivo nivel educativo aos profesores interinos.

En todo caso, a proposta para a docencia corresponderá ás entidades relixiosas e renovarase automaticamente cada ano. A determinación do contrato, a tempo completo ou tempo parcial segundo o que requiran as necesidades dos centros, corresponderá ás administracións competentes. A remoción, no seu caso, axustarase a dereito”.

Nas ofertas de emprego correspondentes aos anos 2018 e 2019 incluíranse outras prazas susceptibles de consolidación de conformidade coa normativa vixente.

#### 4.- Estudo da RPT e valoración de postos de traballo do persoal funcionario

De conformidade coa Lei do Estatuto básico do empregado público e a Lei de emprego público de Galicia, os plans de ordenación de recursos humanos poderán conter previsións sobre modificación de estruturas organizativas e de postos de traballo, análise das dispoñibilidades e necesidades de persoal, tanto dende o punto de vista do número de efectivos, como do dos perfís profesionais ou niveis de clasificación destes.

A planificación dos recursos humanos terá como obxectivo contribuír a mellorar a eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización do recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

Para conseguir unha boa planificación, partindo da situación existente de persoal, analizaranse as tarefas que realizan e a partir de aí formularanse as modificacións que se consideren necesarias.

Para a elaboración da nova relación de postos de traballo, realizarase unha descrición das funcións de cada posto de traballo e procederase finalmente a valorar os referidos postos.

A valoración realizarase en dúas fases. Na primeira realizarase a valoración dos complementos específicos de todos os postos de traballo.

Para a fixación dos complementos específicos de todos os postos de traballo, que está destinado a retribuír as condicións particulares de cada posto, teranse en conta os seguintes criterios que marca a lei:

- Criterio de especial dificultade técnica
- Criterio de dedicación
- Criterio de incompatibilidade
- Criterio de responsabilidade
- Criterio de perigosidade
- Criterio de penosidade

Posteriormente, analizaranse os niveis de complemento de destino que corresponda a cada posto de traballo.

Os intervalos dos niveis dos postos de traballo dos funcionarios de administración local serán os que en cada momento se establezan na lexislación vixente.

A asignación de niveis deberá facerse con base no principio de xerarquía, de forma que os postos situados nun grao superior teñan asignado un nivel de complemento de destino superior ao dos seus subordinados.

Dentro dos límites establecidos, o Pleno da Corporación asignará nivel a cada posto de traballo atendendo aos seguintes criterios:

- criterio de especialización.
- criterio de responsabilidade.
- criterio de competencia.
- criterio de mando.

## 5.- Promoción interna

O artigo 16 da Lei do Estatuto básico do empregado público establece:

“1.-Os funcionarios de carreira terán dereito á promoción profesional.

2.-A carreira profesional é o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade.

A tal obxecto as Administracións públicas promoverán a actualización e perfeccionamento da cualificación profesional dos seus funcionarios de carreira.

3.-As leis de función pública que se diten no desenvolvemento deste Estatuto regularán a carreira profesional aplicable en cada ámbito que poderá consistir, entre outras, na aplicación illada ou simultánea dalgunha ou algunhas das seguintes modalidades:

...

c) Promoción interna vertical, que consiste no ascenso dende un corpo ou escala dun subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no suposto de que este non teña subgrupo, a outro superior, de acordo co establecido no artigo 18.

Pola súa vez, o artigo 18 dispón:

“1.-A promoción interna realizarase mediante procesos selectivos que garantan o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no artigo 55.2 deste Estatuto.

2.-Os funcionarios deberán posuír os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no inferior subgrupo, ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo e superar as correspondentes probas selectivas.

O artigo 76 do Real decreto 364/1995 do 10 de marzo polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís do Estado sinala:

“Para participar en probas de promoción interna os funcionarios deberán ter unha antigüidade mínima de, polo menos, dous anos no corpo ou escala á que pertencen o día da finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación e posuír a titulación e o resto dos requisitos establecidos con carácter xeral para o acceso ao corpo ou escala na que aspiran a ingresar.

Pola súa vez o artigo 77 sinala:

“Nas convocatorias poderá establecerse a exención das probas sobre aquelas materias cuxo coñecemento se acreditara suficientemente nas de ingreso ao corpo ou escala de orixe”.

Por outra parte, a disposición adicional novena, establece:

“O acceso a corpos ou escalas do grupo C poderá levarse a cabo a través da promoción interna dende corpos ou escalas do grupo D da área de actividade funcional correspondente, cando estas existan, e efectuarase polo sistema de concurso-oposición, con valoración na fase de concurso dos méritos relacionados coa carreira e os postos desempeñados, o nivel de formación e a antigüidade.

Para estes efectos requirirase a titulación establecida no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, ou unha antigüidade de dez anos nun corpo ou escala do grupo D, ou de cinco anos e a superación dun curso específico de formación ao que se accederá por criterios obxectivos.

Haberá que ter en conta as equivalencias do anterior grupo D co C2 e o C co actual C1.

Á vista de todo o anterior realizaranse promocións internas para a promoción dos grupos C2 de administración especial a grupos C1 de administración especial e promocións para os grupos C1 aos grupos B e dos grupos C1 aos grupos A2, e tamén da agrupación profesional (AP) ao subgrupo C2 de administración xeral e do subgrupo A2 ao A1.

En virtude do artigo 76 do EBEP, para o acceso ao grupo A2 é necesario estar en posesión do título universitario oficial de grao, salvo nos supostos nos que unha norma con rango de lei esixa outro título universitario oficial.

Para o acceso ao grupo B, esixirase estar en posesión do título de técnico superior, para o grupo C1 o título de bacharel ou técnico e para o grupo C2 o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Terase en conta a excepción contemplada na disposición adicional novena do regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís do Estado.

Así mesmo, terase en conta o disposto na disposición adicional trixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006 de educación en canto á equivalencia das titulacións para poder acceder aos grupos B e C1, segundo a cal, o título de técnico auxiliar terá os mesmos efectos profesionais que o título de técnico da correspondente profesión.

O título de técnico especialista terá os mesmos efectos académicos e profesionais que o novo título de técnico superior na correspondente especialidade.

Levarase a cabo a transformación das prazas correspondentes para poder realizar os procesos selectivos que se indican a continuación:

| PRAZA  | ESCALA | SUBESCALA                    | GRUPO/<br>SUBG. |
|--|--------|------------------------------|-----------------|
| Auxiliar administrativo                        | AG     | Auxiliar                     | C2              |
| Condutor                                       | AE     | Servizos especiais           | C1              |
| Técnico xestión tributaria                     | AE     | Técnicos grao medio          | A2              |
| ATS/DUE de empresa                             | AE     | Técnico superior             | A1              |
| Cociñeiro                                      | AE     | Técnico auxiliar             | C1              |
| Oficial de mantemento                          | AE     | Técnico auxiliar             | C1              |
| Oficial de Imprenta                            | AE     | Técnico carácter facultativo | B               |
| Técnico especialista en xestión administrativa | AE     | Técnico carácter facultativo | B               |
| Auxiliar técnico de Vías e Obras               | AE     | Auxiliar                     | C1              |
| Técnico de Infraestruturas                     | AE     | Técnicos grao medio          | A2              |
| Axudante de arquivo e biblioteca               | AE     | Técnicos grao medio          | A2              |

O sistema selectivo nos procesos de promoción interna vertical será o de concurso-oposición coas seguintes características:

Na fase de concurso valorarase:

- A antigüidade na administración.
- O grao consolidado.

-A formación.

A fase de oposición constará de dous exercicios:

- O primeiro exercicio constará de dúas partes, unha teórica e unha práctica.
- O segundo exercicio será de coñecemento da lingua galega e cualificarase como apto ou non apto.

Este exercicio poderá validarse mediante os certificados oficiais acreditativos correspondentes.

O artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia especifica que as convocatorias dos procesos selectivos poderán eximir total ou parcialmente ao persoal que participe neles polo sistema de promoción interna vertical dalgunha das probas selectivas esixidas ao persoal de novo ingreso e/ou reducir parte do temario.

A Sección de formación desta Deputación, organizará accións formativas para a preparación dos temarios co fin de facilitar a promoción interna.

En todo caso, se como resultado da cualificación do persoal e da Valoración de Postos de Traballo aparecesen novas oportunidades de tecnificación do cadro de persoal, realizaranse os correspondentes procesos de promoción interna que posibiliten a dita tecnificación, como conclusión deste plan de ordenación de recursos humanos.

## 6.- Carreira horizontal

De conformidade co artigo 17 do EBEP que regula a carreira horizontal dos funcionarios de carreira:

“Artigo 17. Carreira horizontal dos funcionarios de carreira

As leis da función pública que se diten en desenvolvemento do presente Estatuto poderán regular a carreira horizontal dos funcionarios de carreira, podendo aplicar, entre outras, as seguintes regras:

a) Articularase un sistema de graos, categorías ou chanzos de ascenso fixándose a remuneración a cada un deles. Os ascensos serán consecutivos con carácter xeral, salvo naqueles supostos excepcionais nos que se prevexa outra posibilidade.

b) Deberase valorar a traxectoria e actuación profesional, a calidade dos traballos realizados, os coñecementos adquiridos e o resultado da avaliación do desempeño. Poderán incluírse, así mesmo, outros méritos e aptitudes por razón da especificidade da función desenvolvida e a experiencia adquirida.”

Á súa vez, o artigo 77 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón:

“Artigo 77. Carreira horizontal do persoal funcionario de carreira

Regulamentariamente establecerase un sistema de carreira horizontal para o persoal funcionario de carreira sobre a base dos seguintes principios:

a) Dentro de cada corpo ou escala existirán, como regra xeral, tres categorías profesionais: de ingreso, media e superior, divididas nun mínimo de tres graos de ascenso, aos cales irá vinculada a contía do complemento retributivo de carreira previsto nesta lei.



- b) O persoal funcionario de cada corpo ou escala terá atribuída unha categoría profesional e un grao dentro dela, que para o persoal funcionario de novo ingreso serán necesariamente a categoría de ingreso e o grao inferior desta.
- c) A progresión na carreira horizontal consistirá no ascenso de grao e de categoría profesional. Os ascensos de grao e de categoría serán consecutivos, salvo as excepcións que se establezan para os ascensos de grao dentro de cada categoría. En todo caso, o ascenso de categoría requirirá ter acadado o grao superior da categoría inmediatamente inferior e o acceso á categoría seguinte farase sempre polo seu grao inferior.
- d) Serán requisitos necesarios para os ascensos a antigüidade no grao ou categoría profesional que se estableza e a avaliación positiva do desempeño profesional. Así mesmo, poderanse valorar os coñecementos adquiridos e outros méritos e aptitudes por razón da especificidade da función desenvolvida e a experiencia.
- e) A progresión na carreira horizontal terá carácter irreversible, agás nos casos de sanción disciplinaria de demérito.”

Tendo en conta o sinalado anteriormente, a Corporación comprométese a negociar coa representación sindical as bases e criterios para poñer en marcha a carreira horizontal dos traballadores.



## **VI.- INFORME ECONÓMICO**

O resultado da valoración dos postos de traballo financiarase en parte con cargo ás consignacións orzamentarias das seguintes partidas, garantindo polo menos un 25% para o aboamento do complemento de produtividade:

0710/929/150.00

0710/929/150.01

Previo acordo en Mesa Xeral de Negociación dos Empregados Públicos, transferirase parte destas cantidades para levar a efecto o resultado da valoración de postos de traballo á partida orzamentaria seguinte:

0710/929/121.03

Se o resultado de transferir a parte negociada das devanditas partidas orzamentarias non fose suficiente para acometer o resultado do proceso de valoración dos postos de traballo, acordarase en Mesa Xeral de Negociación, a dotación económica necesaria, sempre e cando a lexislación o permita

Os gastos que ocasione a promoción interna aboaranse con cargo á seguinte partida orzamentaria:

0710/929/120.09”

## **41.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL, DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E DO ORGANIGRAMA 2017.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (13 do PP, 7 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica e Compostela Aberta, acorda:

### **“ANTECEDENTES**

Por acordo plenario do 31/05/2013 aprobouse o Plan de emprego 2013-2015, respecto do que dispuña, entre outras, “que, nun marco de aforro e estabilidade orzamentaria, desenvolverase con base nos seguintes principios:

*“...Incluír a formación e promoción interna do persoal como un mecanismo de modernización e maior rendibilización do potencial dos recursos humanos da Deputación. E neste sentido, acabar de definir, lanzar e/ou completar, segundo o caso, os procesos abertos relativos a promoción interna e os pendentos de execución do vixente plan de emprego específico de reestruturación da área de organización e sistemas, tomando o modelo de promoción aí exposto como posible referencia para a súa extensión ás demais reestruturacións das novas áreas organizativas (a promoción ao grupo A1, ao grupo A2 e, en canto a lexislación así o permitise, desenvolver tamén a promoción ao novo grupo B contemplado no EBEP). Esta ferramenta quedaría aberta para os demais grupos e categorías para ser usada, con base nos principios de aforro e estabilidade, cando os recursos orzamentarios así o permitisen.”*

En execución do dito Plan e por Resolución de Presidencia 8223/2016 convocáronse os procesos selectivos de promoción interna en aplicación do disposto no acordo plenario do 31/05/2013, que aprobou o Plan de emprego 2013-2015, e de conformidade coas Bases aprobadas para o efecto pola Xunta de Goberno do 15/04/2016.

Finalizados os correspondentes procesos selectivos faise preciso adaptar as prazas das que son titulares os funcionarios aprobados, así como algúns dos postos que ocupan actualmente, de conformidade co disposto na Base 9 do acordo da Xunta de Goberno do 15/04/2016, mediante as seguintes modificacións,

Transformar:

-18 prazas de Auxiliar de administración xeral (C2) en 18 prazas de Administrativo/a de administración xeral (C1) e 18 postos de Auxiliar de administración xeral (C2) en 18 postos de Administrativo/a de administración xeral (C1) .

-53 prazas de Administrativos/as de administración xeral (C1), 3 prazas de Técnicos/as de administración xeral (A1), 1 praza de Técnico/a de xestión económico financeira (A2), 1 praza de Técnico/a de organización (A1), e 2 prazas de Técnicos/as de xestión tributaria (A2) en 60 prazas de Técnico/a de xestión de administración xeral (A2) e 46 postos de administrativo/a de administración xeral en 46 postos de Técnico/a de xestión de administración xeral (A2).

-1 praza e 1 posto de Axudante/a de arquivo (A2) en 1 praza e 1 posto de Técnico/a de biblioteca e arquivo (A1).

-3 prazas de Técnico/a de xestión de administración xeral (A2), 1 praza de Técnico/a administración xeral (A1) e 1 praza de Axudante/a de arquivo (A2) en 5 prazas de Técnico/a de organización (A1) e un posto de Técnico/a de xestión de administración xeral (A2) nun posto de Técnico/a de organización (A1).

-3 prazas de Delineantes (C1) en 3 prazas de Técnicos/as especialistas en delineación (B).

-3 prazas de operador/a de ordenador (C1), 5 prazas de programadores/as de aplicación (C1), 1 praza de Técnico/a de explotación nocturna (C1) e 2 prazas de Programadores/as de sistemas (C1) en 11 prazas de Técnico/a especialista en informática (B).

-2 prazas de Especialista en educación infantil (C1) en 2 prazas de Técnico/a especialista en educación infantil (B).

Así mesmo, é necesario realizar modificacións puntuais na relación de postos de traballo e cadro de persoal para adaptalos a certas esixencias funcionais segundo se detalla a continuación:

#### **GABINETE DE PRESIDENCIA**

Transformar os seguintes postos:

- Secretario/a de Gabinete (C1) en A2/B/C1.
- Secretario/a Gabinete de Presidencia (C1) en A2/B/C1.
- Xefatura de negociado (C1) en A2/B/C1.

### **PARQUE MÓBIL**

Transformar os seguintes postos:

- Conductor/a coordinador/a (C2) en C1/C2.
- Conductor/a de Presidencia (C2) en C1/C2.
- Conductor/a (C2) en C1/C2.

### **SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO**

Transformar:

- 1 praza e posto de Técnico/a de son (C2) en Técnico/a de son (B/C1).

### **CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑÁN**

Transformar:

- 1 praza e posto de Axudante de cociña en Cociñeiro/a.

### **FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY**

- Incluír o factor F13 (turnicidade) nos postos de Educador/a (A2).

### **CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL**

Transformar:

- 1 praza e posto de auxiliar educador/a en 1 praza e posto de Educador/a (A2) con turnicidade.

### **SERVIZO DE ORGANIZACIÓN**

Transformar:

- 1 posto de ATS/DUE de empresa (A2) en A1/A2.
- 1 posto de ATS/DUE (A2) en ATS/DUE de empresa A1/A2.

### **SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES**

Transformar:

- 1 praza e posto de administrativo/a de administración xeral nunha praza e posto de Técnico/a de cultura, A1, nivel 22

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Artigo 33.2.f da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que lle atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo.

Artigos 90 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 126 e 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

1.- Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal para o ano 2017, dispoñendo a súa exposición ao público mediante o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de reclamacións, segundo o disposto no artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais normativa complementaria e de desenvolvemento. De non producírense reclamacións durante o citado prazo o cadro de persoal quedará definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real decreto 500/1986, en relación co artigo 126.3 do Real decreto legislativo 781/1986.

| <b>CADRO DE PERSOAL 2017</b>                |                          |                 |                  |              |
|---|--------------------------|-----------------|------------------|--------------|
|   | <b>DENOMINACIÓN</b>      | <b>SUBGRUPO</b> | <b>Nº PRAZAS</b> | <b>TOTAL</b> |
| HABILITACIÓN NACIONAL                       |                          |                 |                  | <b>8</b>     |
|   | Secretario xeral         | A1              | 1                |              |
|   | Interventor xeral        | A1              | 1                |              |
|   | Tesoureiro               | A1              | 1                |              |
|   | Oficial maior            | A1              | 1                |              |
|   | Viceinterventor          | A1              | 1                |              |
|   | Interventor adxunto      | A1              | 2                |              |
|   | Vicetesoureiro           | A1              | 1                |              |
|   |                          |                 |                  |              |
| ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL              |                          |                 |                  | <b>322</b>   |
| SUBESCALAS                                  |                          |                 |                  |              |
|   | Técnica                  | A1              | 33               | 1 (*)        |
|   | Xestión                  | A2              | 73               |              |
|   | Administrativa           | C1              | 177              | 37 (*)       |
|   | Auxiliar                 | C2              | 13               | 3 *          |
|   | Subalterna               | AP              | 26               | 8 *          |
|   |                          |                 |                  |              |
| ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL           |                          |                 |                  |              |
| SUBESCALA TÉCNICA CLASE TÉCNICOS SUPERIORES |                          |                 |                  | <b>151</b>   |
|   | Letrado asesor xurídico  | A1              | 1                |              |
|   | Letrado adxunto          | A1              | 2                |              |
|   | Enxeñeiro de edificación | A1              | 1                |              |
|   | Arquitecto               | A1              | 3                |              |

|  |                                       |    |    |           |
|--|---------------------------------------|----|----|-----------|
|  | Enxeñeiro civil                       | A1 | 1  |           |
|  | Enxeñeiro de camiños, canles e portos | A1 | 2  |           |
|  | Arquiveiro bibliotecario              | A1 | 1  |           |
|  | Técnico de organización               | A1 | 15 |           |
|  | Técnico superior Informática          | A1 | 8  |           |
|  | Técnico superior Unión Europea        | A1 | 2  |           |
|  | Analista                              | A1 | 7  |           |
|  | Técnico normalización lingüística     | A1 | 2  |           |
|  | Técnico políticas de igualdade        | A1 | 1  |           |
|  | Xefe de servizo de xestión tributaria | A1 | 1  |           |
|  | Inspector de tributos locais          | A1 | 2  |           |
|  | Profesor secundaria R. Puga Ramón     | A1 | 37 | 1*        |
|  | Profesor secundaria Calvo Sotelo      | A1 | 8  |           |
|  | Xefe de servizo asistencia técnica    | A1 | 1  |           |
|  | Administrador da contorna informática | A1 | 2  |           |
|  | Recadador de tributos locais          | A1 | 1  |           |
|  | Técnico biblioteca e arquivo          | A1 | 3  |           |
|  | Técnico de xestión de proxectos       | A1 | 4  |           |
|  | Psicólogo                             | A1 | 2  | 1*        |
|  | Director Fogar Infantil Emilio Romay  | A1 | 1  |           |
|  | Técnico servizos sociais              | A1 | 1  |           |
|  | Técnico financeiro tributario         | A1 | 34 |           |
|  | Profesor/a de música pianista         | A1 | 3  |           |
|  | Profesor/a de danza                   | A1 | 5  |           |
|  | Técnico/a de cultura                  | A1 | 1  |           |
|  |                                       |    |    |           |
|  | <b>CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO</b>   |    |    | <b>87</b> |
|  | Profesor/a de música pianista         | A2 | 2  |           |
|  | Profesor/a de danza                   | A2 | 1  |           |
|  | Arquitectos técnicos                  | A2 | 4  |           |
|  | Enxeñeiro técnico agrícola            | A2 | 1  |           |
|  | Enxeñeiro técnico industrial          | A2 | 2  |           |
|  | Enxeñeiro técnico de obras públicas   | A2 | 5  |           |
|  | Analista programador                  | A2 | 1  |           |
|  | Encargado de imprenta                 | A2 | 1  |           |
|  | Técnico de servizos sociais           | A2 | 3  |           |

|  |  |    |    |                                     |
|--|--|----|----|-------------------------------------|
|  | Axudante de arquivo e biblioteca                   | A2 | 7  |                                     |
|  | Enxeñeiros técnicos en topografía                  | A2 | 2  |                                     |
|  | Técnicos de xestión económico-financeira           | A2 | 2  |                                     |
|  | Profesor E.F. Instituto Puga Ramón                 | A2 | 2  |                                     |
|  | Analistas técnicos                                 | A2 | 5  |                                     |
|  | Técnicos de xestión tributaria                     | A2 | 14 |                                     |
|  | Profesores técnicos de FP                          | A2 | 17 |                                     |
|  | Profesor de apoio IES Puga Ramón                   | A2 | 1  |                                     |
|  | ATS/DUE de empresa                                 | A2 | 1  |                                     |
|  | ATS/DUE  | A2 | 1  | 1 *                                 |
|  | Asesor de sistemas de xestión municipal            | A2 | 1  |                                     |
|  | Técnico de xestión de administración especial      | A2 | 1  |                                     |
|  | Educador/a   | A2 | 4  |                                     |
|  | Educador/a centro de día                           | A2 | 4  |                                     |
|  | Técnico de protocolo                               | A2 | 1  |                                     |
|  | Asesor técnico                                     | A2 | 2  |                                     |
|  | Técnico en prevención de riscos laborais           | A2 | 1  |                                     |
|  |  |    |    |                                     |
|  |  |    |    |                                     |
|  | <b>CLASE TÉCNICOS AUXILIARES</b>                   |    |    | <b>68</b>                           |
|  | Educador/a infantil                                | B  | 1  |                                     |
|  | Técnico/a especialista en delineación              | B  | 3  |                                     |
|  | Técnico/a especialista en informática              | B  | 11 |                                     |
|  | Técnico/a especialista en educación infantil       | B  | 2  |                                     |
|  | Delineantes  | C1 | 2  |                                     |
|  | Axentes tributarios                                | C1 | 2  |                                     |
|  | Titor/a de garda                                   | C1 | 5  |                                     |
|  | Titor/a  | C1 | 8  |                                     |
|  | Auxiliar técnico en infraestruturas e conservación | C1 | 16 |                                     |
|  |  |    |    | 2 ocupadas por oficiais industriais |
|  | Oficial de imprenta                                | C1 | 13 | 8 *                                 |
|  | Oficial responsable impresión e posimpresión       | C1 | 1  | *                                   |



|   |  |    |            |           |
|---|--|----|------------|-----------|
|   | Oficial responsable preimpresión             | C1 | 1          | *         |
|   | Oficial responsable edición e deseño gráfico | C1 | 1          | *         |
|   | Gobernante/a                                 | C1 | 1          | *         |
|   | Técnico de son                               | C1 | 1          |           |
|   |  |    |            |           |
| <b>SUBESCALA DE SERVICIOS ESPECIAIS</b> |  |    |            |           |
| <b>PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS</b>    |  |    |            |           |
|   |  |    |            | <b>63</b> |
|   | Condutores mecánicos                         | C2 | 10         |           |
|   | Auxiliar educador                            | C2 | 41         |           |
|   | Subgobernanta                                | C2 | 1          |           |
|   | Telefonista                                  | AP | 1          |           |
|   | Celadoras                                    | AP | 8          | 3*        |
|   | Celadora/subalterno                          | AP | 1          |           |
|   | Costureiras                                  | AP | 1          |           |
|   |  |    |            |           |
| <b>PERSOAL DE OFICIOS</b>               |  |    |            |           |
|   |  |    |            | <b>36</b> |
|   | Oficial operario de servizos                 | C2 | 5          | 3 *       |
|   | Cociñeiros                                   | C2 | 13         | 7 *       |
|   | Auxiliar técnico en topografía               | C2 | 2          | *         |
|   | Oficial de mantemento                        | C2 | 1          | *         |
|   | Operario de imprenta                         | C2 | 1          |           |
|   | Axudantes de cociña                          | AP | 3          | 1 *       |
|   | Camareiras                                   | AP | 3          |           |
|   | Operario de servizo                          | AP | 1          |           |
|   | Operaria de servizos varios                  | AP | 6          | 1 *       |
|   | Mozo de servizo                              | AP | 1          |           |
|   |  |    | <b>735</b> |           |
| <b>PERSOAL EVENTUAL</b>                 |  |    |            |           |
|   |  |    |            | <b>27</b> |
|   | Asesores                                     | A1 | 3          |           |
|   | Técnicos                                     | A2 | 6          |           |
|   | Administrativos                              | C1 | 10         |           |
|   | Auxiliares                                   | C2 | 8          |           |
|   |  |    |            |           |
|   | * = ocupada por persoal laboral              |    |            |           |

2.- Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo 2017 que figura como anexo I e dispor, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que esta modificación sexa

sometida a información pública mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de vinte días, para os efectos de que se formulen, no seu caso, as reclamacións, suxestións e alegacións que se estimen procedentes. De non producirse estas a aprobación elevarase a definitiva.

**3.-** Aprobar o organigrama que figuran como anexo II.

**4.-** Aprobar as funcións do posto de técnico de cultura:

- Organización e xestión técnica dos proxectos e programas culturais da Deputación.
- Elaboración e presentación de plans de actuación xeral, proxectos e orzamentos.
- Organización e dirección de equipos de traballo.
- Deseño, seguimento, coordinación e avaliación de actividades.
- Asesoramento na elaboración de bases reguladoras en materia de cultura.
- Relación cos medios informativos e de comunicación, establecendo prioridades nas campañas de difusión dos programas culturais.
- Revisión de cartelería, programas de man e material de difusión e merchandising das actividades culturais.

# ANEXO I

## RELACION DE POSTOS DE TRABAJO 2017

| CÓDIGO POSTO                   | POSTO   | NIVEL | GRUPO/SUBGRUPO | DOT. | TP   | F. PROV. | ADM. | ESC. | TITULACIÓN | FORMACIÓN ESPECÍFICA | OBSERVACIONES                       | C. ESPECÍFICO 2016 * |
|--------------------------------|---|-------|----------------|------|------|----------|------|------|------------|----------------------|-------------------------------------|----------------------|
| <b>GABINETE DE PRESIDENCIA</b> |   |       |                |      |      |          |      |      |            |                      |                                     |                      |
| 1.1.213.1                      | Secretaría/a Gabinete de Presidencia          | 22    | C1             |      | 1    | N        | LD   |      | AG         | 3                    | Especial dedicación                 | 17.558,70            |
| 1.1.211.1                      | Secretaría/a Gabinete                         | 22    | A2             | B    | C1   | 1        | N    | LD   | AG         | 3                    | Especial dedicación                 | 17.558,70            |
| 1.1.205.1                      | Secretaría/a de Presidencia                   | 22    | C1             |      | 1    | N        | C    |      | AG         | 3                    | Especial dedicación                 | 17.558,70            |
| 23                  | Enxeñeiro/a técnico/a en topografía ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a en topografía.   |
| 24                  | Enxeñeiro/a técnico/a agrícola ou graduado/a nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a técnico/a agrícola.   |
| 25                  | Licenciatura en socioloxía, psicoloxía, dereito, ciencias políticas e da administración, psicopedagogía ou pedagogía ou equivalente.  |
| 26                  | Diplomatura en traballo social ou grao nunha titulación equivalente da rama de ciencias sociais ou xurídicas.   |
| 27                  | Licenciatura en psicoloxía, pedagogía ou psicopedagogía ou equivalente.   |
| 28                  | Licenciatura en psicoloxía ou equivalente.  |
| 29                  | Diplomatura en educación social, pedagogía ou profesor de educación primaria ou grao oficial universitario equivalente.   |
| 30                  | Técnico/a superior en educación infantil ou equivalente.  |
| 31                  | Diplomatura en enfermería ou grao nunha titulación que habilite para a profesión de enfermería.   |
| 32                  | Licenciatura ou equivalente a efectos de docencia e máster nunha titulación que habilite para o exercicio de profesor de secundaria ou equivalente.   |
| 33                  | Diplomatura ou equivalente a efectos de docencia e máster nunha titulación que habilite para o exercicio de profesor de secundaria ou equivalente.  |
| 34                  | Graduado/a en música ou equivalente.  |
| 35                  | Graduado/a en danza ou equivalente.   |
| 36                  | Diplomatura ou enxeñería técnica en informática ou grao oficial universitario equivalente.  |
| 37                  | Técnico/a de grao medio na familia profesional de Imaxe e son.  |

ANEXO II



**Deputación**  
DA CORUÑA

**ORGANIGRAMAS**  
**2017**

|  |           |
|--|-----------|
| <b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL - PRESIDENCIA</b>               | <b>4</b>  |
| Gabinete de Presidencia                                  | 5         |
| Asesoría e asistencia xurídica                           | 6         |
| <b>SECRETARÍA XERAL</b>                                  | <b>7</b>  |
| Oficialía maior  | 7         |
| Información e actas                                      | 8         |
| Servizos internos  | 9         |
| Arquivo  | 10        |
| Imprenta   | 11        |
| Parque móbil   | 12        |
| Servizo de patrimonio e contratación                     | 13        |
| <b>INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA</b> | <b>14</b> |
| Servizo de fiscalización e control financeiro            | 15        |
| Servizo de contabilidade                                 | 16        |
| Servizo de orzamentos e asistencia económica a concellos | 17        |
| <b>TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS</b>                  | <b>18</b> |
| Servizo de xestión tributaria                            | 19        |
| Servizo central de recadación                            | 20        |
| Zonas recadatorias                                       | 21        |




|  |    |
|--|----|
| Servizo de asistencia técnica a concellos              | 22 |
| Servizo de vías e obras                                | 23 |
| Servizo de xestión de plans                            | 24 |
| Servizo de arquitectura e mantemento                   | 25 |
| Servizo de promoción económica, turismo e emprego      | 26 |
| Servizo de desenvolvemento territorial e medio         | 27 |
| Servizo de acción social, cultural e deportes          | 28 |
| IES Puga Ramón   | 29 |
| IES Calvo Sotelo                                       | 30 |
| Centro residencial docente Calvo Sotelo                | 31 |
| Servizos xerais Calvo Sotelo                           | 32 |
| Centro residencia cultural Pazo de Mariñán             | 33 |
| Fogar Infantil Emilio Romay                            | 34 |
| Centro de día de menores de Ferrol                     | 35 |
| Conservatorio profesional de danza                     | 36 |
| Biblioteca   | 37 |
| Servizo de planificación e xestión de recursos humanos | 38 |
| Servizo de organización                                | 39 |
| Servizo de informática e administración electrónica    | 40 |
| Servizo de sistemas e soporte                          | 41 |



Deputación  
DA CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL




23/03/2017

4


## GABINETE DA PRESIDENCIA




## ASESORÍA E ASISTENCIA XURÍDICA




SECRETARÍA XERAL




SECCIÓN DE INFORMACIÓN E ACTAS



SERVIZOS INTERNOS




ARQUIVO







IMPRENTA



PARQUE MÓBIL




## SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN




23/03/2017

13

## INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA




## SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO




23/03/2017

15


SERVIZO DE CONTABILIDADE



SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS



## TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS




23/03/2017


18



## SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA




## SERVIZO CENTRAL DE RECADACIÓN







## SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A CONCELLOS




## SERVIZO DE VÍAS E OBRAS




SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS



## SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO




SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO






## SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO



SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES



## IES PUGA RAMÓN

| ÁREA MATEMÁTICAS   | ÁREA LINGUA CASTELÁ                          | ÁREA LINGUA GALEGA                           | ÁREA INGLÉS  | ÁREA XEOGRAFÍA E HISTORIA                       | ÁREA CIENCIAS DA NATUREZA                      | ÁREA FÍSICA E QUÍMICA                        |
|--|--|--|--|---|--|--|
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                             | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Vacante<br>A1    | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                             | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                  | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                 | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               |
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                             | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                             | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                  | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                 | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>A1 |
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                             | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>A1 | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                             | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                  |  |  |
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                             | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Vacante<br>A1    |  |   |  |  |
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                             | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>A1 |  |  |   |  |  |
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Vacante<br>A1                  | ÁREA FRANCÉS                                 | ÁREA DEBUXO                                  | ÁREA ORIENTACIÓN   | ÁREA EDUC. FÍSICA                               | ÁREA RELIXIÓN/ALTERNATIVA                      | ÁREA ECONOMÍA                                |
| ÁREA LATÍN   | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>A1 | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                             | PROFESOR/A DE EDUCACIÓN FÍSICA<br>Vacante<br>A1 | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>A1   | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               |
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>A1               | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Vacante<br>A1    | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>A1 | PROFESOR/A DE APOIO<br>A2                                  | PROFESOR/A DE EDUCACIÓN FÍSICA<br>Vacante<br>A1 |  |  |
| ÁREA TECNOLOXÍA  | ÁREA FILOSOFÍA                               | ÁREA MÚSICA                                  | PERSONAL NON DOCENTE                                       |   |  |  |
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                             | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               | TÉCNICO/A DE XESTIÓN ADMON XERAL<br>A2                     | CELADOR/A-SUBALTERNO/A<br>Interinado<br>AP      | SUBALTERNO/A<br>AP                             |  |
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>A1<br>23/07/2017 |  |  | ADMINISTRATIVO/A ADMON XERAL<br>Interinado c/reserva<br>C1 |   | MOZO/A DE SERVIZO AXUDANTE<br>Interinado<br>AP |  |




Deputación  
DA CORUÑA


## IES CALVO SOTELO

| PROGRAMAS DE<br>QUALIFICACIÓN INICIAL          | ORIENTACIÓN                       | FORMACIÓN E<br>ORIENTACIÓN LABORAL           | FABRICACIÓN MECÁNICA                              | ELECTRICIDADE                       | MADEIRA  | ARTES GRÁFICAS                                    |
|--|-----------------------------------|--|---|-------------------------------------|--|---|
| PROFESOR/A DE<br>SECUNDARIA<br>A1              | PROFESOR/A DE<br>SECUNDARIA<br>A1 | PROFESOR/A DE<br>SECUNDARIA<br>Vacante<br>A1 | PROFESOR/A DE<br>SECUNDARIA<br>Vacante<br>A1      | PROFESOR/A DE<br>SECUNDARIA<br>A1   | PROFESOR/A DE<br>SECUNDARIA<br>A1              | PROFESOR/A DE<br>SECUNDARIA<br>A1                 |
| PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>A2            |                                   | PROFESOR/A DE<br>SECUNDARIA<br>A1            | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>A2               | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>A2 | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>A2            | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>Vacante<br>A2    |
| PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>Vacante<br>A2 |                                   |  | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>A2               | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>A2 | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>A2            | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>A2               |
|  |                                   |  | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>A2               |                                     | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>Vacante<br>A2 | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>A2               |
|  |                                   |  | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE<br>FP<br>Interinado<br>A2 |                                     |  | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>Interinado<br>A2 |
|  |                                   |  | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>Vacante<br>A2    |                                     |  | PROFESOR/A<br>TÉCNICO/A DE FP<br>Interinado<br>A2 |


CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO



SERVIZOS XERAIS CALVO SOTELO



CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑÁN



FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

|                                |  |   |   |   |   |   |
|--------------------------------|--|---|---|---|---|---|
|                                |  |   | DIRECTOR/A<br>Interinado<br>A1          |   |   |   |
| PSICÓLOGO/A<br>A1              | ADMINISTRATIVO/A<br>ADMÓN XERAL<br>C1                      | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>NOCTURNO/A<br>C2               | CELADOR/A<br>AP                                   |
| EDUCADOR/A<br>Interinado<br>A2 | TELEFONISTA<br>AP  | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>NOCTURNO/A<br>Interinado<br>C2 | CELADOR/A<br>Interinado<br>AP                     |
| EDUCADOR/A<br>Interinado<br>A2 | ENCARGADO/A DE<br>PORTERÍA<br>Adscrición provisional<br>AP | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>NOCTURNO/A<br>Interinado<br>C2 | CELADOR/A<br>Interinado<br>AP                     |
| EDUCADOR/A<br>Vacante<br>A2    | TITOR/A DE GARDA<br>Interinado<br>C1/B                     | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>NOCTURNO/A<br>C2               | CELADOR/A<br>Interinado<br>AP                     |
| EDUCADOR/A<br>Vacante<br>A2    | TITOR/A DE GARDA<br>Interinado<br>C1/B                     | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | COCIÑEIRO/A<br>C2                                     | CELADOR/A<br>Interinado<br>AP                     |
| TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B  | TITOR/A DE GARDA<br>Interinado<br>C1/B                     | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | COCIÑEIRO/A<br>Interinado<br>(JP)<br>C2               | OPERARIO/A SERVIZOS<br>VARIOS<br>AP               |
| TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B  | TITOR/A DE GARDA<br>Interinado<br>C1/B                     | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | COCIÑEIRO/A<br>C2                                     | OPERARIO/A SERVIZOS<br>VARIOS<br>AP               |
| TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B  | TITOR/A DE GARDA<br>Interinado<br>C1/B                     | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | COCIÑEIRO/A<br>Interinado<br>C2                       | OPERARIO/A SERVIZOS<br>VARIOS<br>Interinado<br>AP |
| TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B  | TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B                              | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AXUDANTE DE COCIÑA<br>AP                              |   |
|                                | EDUCADOR/A INFANTIL<br>Vacante<br>B                        |   | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               |   |   |   |

23/03/2017

34





Deputación  
DA CORUÑA

## CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL

|                                       |                                |                               |   |                           |   |                                 |   |  |
|---------------------------------------|--------------------------------|-------------------------------|---|---------------------------|---|---------------------------------|---|--|
|                                       |                                |                               | DIRECTOR/A<br>A1                        |                           |   |                                 |   |  |
| ADMINISTRATIVO/A<br>ADMÓN XERAL<br>C1 | EDUCADOR/A<br>Interinado<br>A2 | TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2 | CELADOR/A<br>Para extinguir<br>AP               | COCIÑEIRO/A<br>C2               | OPERARIO/A SERVIZOS<br>VARIOS<br>Para extinguir<br>AP               |  |
| ENCARGADO/A<br>PORTERÍA<br>AP         | EDUCADOR/A<br>Interinado<br>A2 | TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2 | CELADOR/A<br>Para extinguir<br>Interinado<br>AP | COCIÑEIRO/A<br>Interinado<br>C2 | OPERARIO/A SERVIZOS<br>VARIOS<br>Para extinguir<br>Interinado<br>AP |  |
| ENCARGADO/A<br>PORTERÍA<br>AP         | EDUCADOR/A<br>Interinado<br>A2 | TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2 |   | COCIÑEIRO/A<br>Interinado<br>C2 |   |  |
|                                       | EDUCADOR/A<br>Vacante<br>A2    |                               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2 |   | COCIÑEIRO/A<br>Interinado<br>C2 |   |  |
|                                       |                                |                               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               |                           |   |                                 |   |  |
|                                       |                                |                               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               |                           |   |                                 |   |  |

23/03/2017

35



Deputación  
DA CORUÑA


## CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

|  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|
| PROFESOR/A DE DANZA<br>A1/A2               | PROFESOR/A DE DANZA<br>A1/A2                               | PROFESOR/A DE DANZA<br>A1/A2               | PROFESOR/A DE DANZA<br>A1/A2                             | PROFESOR/A DE DANZA<br>A1/A2                             | PROFESOR/A DE DANZA<br>Interinado<br>A1/A2 |
| PROFESOR/A DE MÚSICA-<br>PIANISTA<br>A1/A2 | PROFESOR/A DE MÚSICA-<br>PIANISTA<br>A1/A2                 | PROFESOR/A DE MÚSICA-<br>PIANISTA<br>A1/A2 | PROFESOR/A DE MÚSICA-<br>PIANISTA<br>Interinado<br>A1/A2 | PROFESOR/A DE MÚSICA-<br>PIANISTA<br>Interinado<br>A1/A2 |  |
| ADMINISTRATIVO/A DE<br>ADMON XERAL<br>C1   | OPERARIO AUXILIAR<br>SERVIZOS<br>CONSERVATORIO DANZA<br>C2 |  |  |  |  |




Deputación  
DA CORUÑA

## BIBLIOTECA PROVINCIAL




SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS







## SERVIZO DE ORGANIZACIÓN



SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA



## SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE



## ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

### Sr. Presidente

Hai unha moción do Grupo Provincial Popular para que o goberno da Deputación da Coruña e o Concello da Coruña garanten o acondicionamento do patio interior do Centro da Asociación Down Coruña.

## **MOCIÓN PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA GARANTICEN O ACONDICIONAMIENTO DO PATIO INTERIOR DO CENTRO DA ASOCIACIÓN DOWN CORUÑA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Asociación Down Coruña, fundada no ano 2000 por 19 familias e que conta na actualidade con máis de 80, ten como obxectivo principal realizar todas cantas actividades contribúan á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual en xeral, e con síndrome de Down en particular, e a das súas familias, a través da integración social.

O Goberno municipal do Partido Popular no Concello da Coruña cumpriu unha vella demanda desta asociación, e xunto coa Deputación Provincial, entón tamén presidida polo PP, financiaron as obras do novo local para a asociación en Pedralonga, consistentes na construción dun novo edificio e a rehabilitación do existente. O orzamento total destes traballos ascendeu a 800.628 euros, financiados ao 50% entre ambas as administracións.

O entón Alcalde, Carlos Negreira, e Presidente da Deputación, Diego Calvo, asinaron un convenio con esta entidade social para a concesión demanial gratuíta por 75 anos, por parte do Concello, do antigo colexio público de Pedralonga para garantir a prestación de servizos asistenciais a persoas que presenten esta síndrome. Durante o anterior mandato tamén se aprobou o estudo de detalle para reordenar os volumes, así como o cambio de uso da parcela.

O novo centro, inaugurado en 2016 e recentemente premiado polo Colexio de Arquitectos de Galicia, atópase nunha parcela de case 2.000 metros cadrados, conta con dúas plantas e incluíu a rehabilitación de 300 metros cadrados e a construción doutros 500 metros, resultando un edificio de 800 metros cadrados construídos. Dispón ademais, tal e como se acordou no anterior mandato, cun espazo para uso veciñal, cumprindo cunha vella demanda neste barrio e poñendo en marcha unha nova forma de entender o espazo, baseada en tres principios básicos: convivencia, diálogo e colaboración entre administracións.

Pasado un ano desde a súa posta en funcionamento, procede que Deputación e Concello da Coruña acheguen os fondos necesarios para o acondicionamento do patio interior para utilizar como aula ao aire libre e espazo de convivencia, tal e como reclaman desde a Asociación.



En consonancia con todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular propón á consideración do Pleno da Deputación o seguinte ACORDO:

1. Instar a Deputación e ó Concello da Coruña a achegar os fondos necesarios para o acondicionamento como aula ao aire libre e espazo de convivencia do patio interior do edificio cedido á Asociación Down Coruña en Pedralonga, para que os usuarios do centro poidan gozar desa zona da sede.

#### Sra. Gallego Neira

Bos días a todos. Presentamos esta moción aquí na Deputación e tamén no Concello instando a ambas as dúas administracións a que se fagan cargo da reparación do patio interior do centro que está usando a Asociación Down Coruña.

É unha demanda que fixo a propia Asociación, quero recordar que xa co Goberno do Partido Popular, tanto na Deputación como no Concello, ceduse por un prazo de setenta e cinco anos á Asociación Down Coruña o antigo colexio de Pedralonga, que se confinanciou por ambas as dúas administracións nun cincuenta por cento cada unha, un total de 800.000 euros, que ademais o Centro quedou estupendo, que ademais de estar a Asociación está a Asociación de Veciños de Pedralonga compartindo o espazo, que está funcionando moi ben como espazo de convivencia, e queda terminalo, e queda terminar ese patio interior. É unha obra menor, non serían máis de 150.000 euros, nós estivemos o outro día alí na sede, estivéronnolo ensinando, a verdade é que é pouca cousa, pero que a eles lles daría, o que nos comentaban eles, a mellor aula como espazo de convivencia e integración, porque ademais non sería soamente para uso da Asociación Down, senón tamén para uso veciñal que nese entorno non hai absolutamente nada. Por iso instamos neste caso á Deputación, e farémolo tamén no próximo Pleno no Concello, grazas.

#### Sra. Fraga Sáenz

Lembrarte quen asinou eses dous acordos que se colga a medalla a Sra. Gallego, fixémoslo no Goberno actual municipal, igual que as normas para compartir ese espazo, compartir espazos é bo e así o desexamos.

En calquera caso, sobre esta moción pouco podemos dicir xa que non estea dito, temos unha nova moción do Partido Popular que o único que pretende é traer aquí os debates dos concellos nos que perdeu as eleccións e tentar tapar as súas vergoñas, que non son poucas.

Sobre o primeiro, apenas dicir que este proxecto do Partido Popular que ben se encargaron de lembrar no seu día, unha e outra vez, era un proxecto persoal de Diego Calvo e Carlos Negreira que tiña deficiencias das que non se deron conta no seu momento, e que viñemos solucionando cando se asinou finalmente esa cesión. Agora resulta que queren vir solucionar estas deficiencias vía moción na Deputación e nun futuro próximo no Concello da Coruña, e cremos que o queren facer por varias cuestións. Unha, porque teiman unha e outra vez en forzar esta institución e en volver ao sistema de nominativas que tanto está custando desmontar. Dous, porque prometeron a esta entidade facer un traballo que non fixeron. O pasado luns 20 de xuño de 2016 visitaron as instalacións de Down Coruña e prometeron á directiva incluír emendas para este proxecto no orzamento, tanto da Deputación como do

Concello da Coruña, así o recolle a prensa e a web do propio Partido Popular, despois non o fixeron, e sábeno, e en vez de agardar a que a entidade acuda ás distintas liñas de axuda que ten ao seu alcance para levar a cabo estas reformas, prefiren traer unha moción propagandística.

Vostedes solicitan aos concellos e deputacións colaboración institucional e onde gobernan non a dan. Podería dicirnos algunha deputada ou deputado do Partido Popular canto investiu a Consellería de Política Social no Centro de Down Coruña?, míreno no orzamento desta Consellería para o presente ano, penso que non hai nada. Podería dicirnos algunha deputada ou deputado do Partido Popular que contías teñen as liñas de axuda previstas para entidades no orzamento desta Consellería? Míreno.

Unha vez feitas as aclaracións pertinentes, reiterámonos, como no Pleno pasado, que non imos permitir que o Pleno da Deputación sexa espello do da Coruña e non imos participar moito máis deste debate. Grazas.

#### Sra. Franco Pouso

Moi bos días a todos e a todas. Eu en primeiro lugar non vou poñer aquí o histórico do que aconteceu para facer ese centro, simplemente quero recordar que as administracións sempre imos a rebufo das propostas das familias cando teñen necesidades urxentes. E logo disto quero deixar ben claro que estas competencias son da Xunta de Galicia. Máis aló creo que non se dan vostedes por sabedores que esta Deputación está gobernada cun novo aire.

Aquí desde o momento un que se asinou un pacto de goberno quedou enriba da mesa, e creo que ben esclarecido, que non se ía ir máis alá dun cinco por cento de subvencións nominativas. Por outro lado esta obra tivo no seu momento, hai uns meses, fixeron unha proposta, que logo desestimou a propia entidade, e esta Deputación, vostede como deputada tamén o saberá, puxo un orzamento para facer melloras nos centros. Tecnicamente non cumpría, polo tanto, quedou á espera de próximas liñas de subvencións, curiosamente na liña que está aberta neste intre pode entrar perfectamente, e a entidade é coñecedora.

Nós non imos facer a política, porque eu despois de ler este boletín publicitario do Partido Popular, porque non é máis que iso, un boletín publicitario, o que me queda por preguntarlles é se o seu sistema de gobernar esta Deputación e o resto das administracións vai seguir sendo propoñer o dedazo porque nós, desde logo, non imos entrar a ese xogo. O dedazo non funciona, e menos cando non se queren respectar os datos obxectivos e a concorrència competitiva, a alguén lle beneficiará e a alguén lle prexudicará, loxicamente.

Entendo que aquí xa empeza a haber ventíño de campaña electoral municipal, eu pódoo entender, pero si que coincido, e voulles recordar a todos que igual que estou eu, ou que están os meus compañeiros do Grupo, cando entramos nesta administración representamos aos 93 concellos da provincia, non representamos cada un ao seu, entón cando se fan propostas hainas que facer obxectivas e melloras para todas as entidades, aquí ningunha é máis ca outra, e insisto, non hai resposta a esta moción pola sinxela razón de que isto está sobre a mesa, teñen o prazo aberto, e vostede foi sacar a foto, pero eu teño o mal costume de falar coas entidades, e cónstame que nin foron eles quen lle solicitaron a vostedes que puxeran isto enriba da

mesa, pero agora hai outra parte desta moción que xa é, senón para tirarse polo chan a rir, non sei exactamente como titulalo.

O papel aguanta con todo e a palabrería de verdade que é moita. Isto para panfleto da campaña electoral paréceme moi ben, aquí paréceme unha falta de seriedade, sobre todo cando hai datos e documentación que poderían calarlles a boca perfectamente. Hai unhas frases excepcionais onde vostedes poñen principios básicos, convivencia, diálogo, colaboración entre administracións, teño moita máis, pero isto é día 30 de marzo, a isto chámalle vostedes, nas administracións que vostedes gobernan, chámalle colaboración, diálogo e busca de concordia con outras administracións: “Uns 40 concellos da Coruña participan nos encontros para activar as mesas locais contra a violencia de xénero”, data, 30 de marzo de 2017. Recórdolle que nesta administración a área de Igualdade e Servizos Sociais non foi convidada a nada disto. Pero si que lle podo dicir que, ano tras ano, vostedes desde o PP e desde a Xunta, protocolos, ano 2010, volvemos traelos en 2016, pero nunca fan nada. Se queren vostedes practicar o dedo nas entidades, hai máis dun ano nós tivemos unha xuntanza onde vostedes venderon unha serie de protocolos e de cousas xa feitas, por certo, xa negociadas, e un dos apartados, falo do 27 de maio de 2016, e un dos apartados do protocolo da súa Consellería poñía que ían abrir unhas subvencións para entidades sociais. Se lle urxe tanto, se vostedes van participar de dar subvencións a dedo, fágalle vostede esta formulación á Xunta de Galicia, recórdalle que é a súa competencia e ademais que a ver se saímos do protocolo e poñemos diñeiro ao lado, non vaia ser que todo o diñeiro o teña que poñer a Deputación.

E por outro lado, garantirlle que se esa entidade presenta en tempo e forma a súa solicitude, será contemplada, pero non porque vostedes veñan facer aquí política con esas cousas, senón porque lle corresponde, por transparencia e por concorrência competitiva, e non volvamos ao xogo perverso das nominativas. Desde logo, eu creo que este Goberno teno moi claro, non imos darlle a unha entidade para restarlle a outra, todas as que poidan competir terán, segundo poida soportar economicamente a Deputación, o que lles corresponde, claridade e transparencia, menos fotos e máis pan para comer.

#### Sra. Gallego Neira

Está claro que aquí o debate non é para nada a Asociación Síndrome de Down, que lles interesa bastante pouco polo que se ve, porque botou un rolo aí con non sei cantas historias, que non pisou o centro porque é que non o coñece, o que estamos falando é unha praza interior que é unha obra menor, non me falen de subvencións nominativas, nin de dedazos, nin de convenios nominativos. A Marea, concretamente, arquitectos sen fronteiras, dirémolo mil veces, vergoñas que calar teñen bastantes, para empezar a Comandancia de Obras como a teñen ocupada. Eu non vou entrar nun debate ao barro como están facendo aquí porque aquí hai outro ton que non hai no concello, verdade?

Imos falar seriamente. Isto é un proxecto do Partido Popular, tanto na Deputación, Carlos Negreira e Diego Calvo, e iso dio a propia Asociación sábeo a propia Asociación e a Asociación de Veciños, entón non veñan agora con medallas que non lles corresponden, inaugurárono, iso si, sen facer mención aos antecedentes, pero son eses, e iso sábeo aquí todo o mundo. Entón, que non queren axudar e que non queren terminar unha obra?, eles presentarán a subvención, por suposto que si,

agora, desde logo, que as entidades sociais que fan o traballo que non fai a administración por falta de medios non poidan ter convenios nominativos, desde logo o Partido Popular non estamos de acordo, a cambio de darllo a outras, porque eu levo pouco tempo aquí, pero estou farta de levantar reparos de convenios nominativos, non é o primeiro. Entón eu entendo que a Asociación Síndrome de Down mereceu, se vostedes consideran que non, iso si, se lles enche a boca falando de integración e de igualdade, piden un espazo que non é nada, se visitan o lugar pódeno comprobar, non é nada para convivencia, integración, dicíanolos o outro día, a mellor aula de todo o Centro. Un Centro que ademais foi o proxecto do Partido Popular, Sra. Rocío Fraga, premio de arquitectura polo Colexio de Arquitectos de Galicia, recórdollo.

### Sra. Franco Pouso

Mire como xa me adiantei ao que vostede acaba de dicir. Xa nomeamos a Diego Calvo, xa nomeamos ao Sr. Negreira, quere que nomeemos a Feijoo tamén?, ben non puxo nada, entón como non puxo nada aínda non temos a capacidade de nomealo, pero se quere, nomeámolo tamén.

Mire, o diñeiro, tal como nós entendemos esta administración, este Goberno, é diñeiro público, dona Rosa, público, non é nin do Sr. Carlos Negreira, nin do Sr. Diego Calvo. En canto a levantar a man para levantar reparos, a min gustaríame que un día se publicaran todas as propostas de nominativas que vostedes deixaron enriba da mesa, que os demais, por cumprir co que vostedes deran a dedo, vémonos na obriga de levantar eses reparos. Polo tanto, creo que de exemplares nada, creo que deberían de estar aplaudindo precisamente porque nós si que baixamos a un cinco por cento para excepcionalidades.

Mire, voulle dicir outra cousa, aquí que eu saiba ninguén está nin contra Down Galicia, nin contra nada, estamos dicindo, a ver se escoitamos, escoitar, non ouvir, escoitar, que a nosa proposta é concorrencia competitiva, ou sexa, igualdade e transparencia para todas as entidades, escoitar, non ouvir. Entón, como esta entidade, ao igual que as restantes, está en tempo e prazo, e esta administración ten as condicións para poder dar de xeito obxectivo esa nominativa, o que me estraña é vostede que me traia esa entidade.

Recórdolle unha conversa que tivemos un día vostede e a outra compañeira súa, que non sei se está por aquí neste intre, Mariel, unha entidade de aquí da cidade da Coruña, a señora concelleira do Concello da Coruña e eu onde eu lle dixen que por favor, e se querían, que esta administración estaba en disposición de xuntarnos e intentar darlle solución a esa entidade?, recorda cal era o problema?, recorda vostede que a esa entidade a Xunta de Galicia négalle asinar prazas concertadas porque xa lle teñen prestado un local? Recorda como actúa esta Deputación cando xorden esas condicións?, pois mire, eu creo que é mellor que non nos metamos en lameiras de máis profundidade pero o que si lle podo dicir é que nesta data esta entidade segue co problema ao lombo. E a min na responsabilidade de servizos sociais, vostede desde logo dixu que ía concertarlle unha cita coa Xunta, desde logo vostede a esta administración non a convidou a tal xunta. Supoño que esa entidade tamén está axudando a persoas e tamén está sacando de enriba da mesa problemas a outras familias, polo tanto, non vaia por aquí de buque insignia Down, porque non é certo. Vostede neste momento está utilizando a Down Galicia como en calquera outro Concello vai utilizar a calquera outra entidade.

E vólvolle insistir, o máis grave de que meta esta moción é que estando en tempo e prazo para poder obter esa participación económica, veña vostede aquí a practicar demagogia.

#### Sr. Presidente

Procedemos á votación deixando claro tamén, en calquera caso, que o labor de Down Coruña é apreciada por todo o mundo, como non podía ser doutra maneira, e que esta petición, igual que o resto das peticións que veñen por parte doutras entidades, dos colectivos sociais da provincia, son atendidas debidamente por parte da Deputación da Coruña, e esta loxicamente tamén será atendida, e como ben di a compañeira, está aberto un prazo para solicitar axuda por parte da Asociación, que estou seguro que o aproveitará loxicamente, pero en calquera caso esta Deputación sempre é sensible a este tipo de peticións.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

### **ROGOS E PREGUNTAS**

#### Sra. Delso Carreira

Bo día, a pregunta versa sobre o parque do Pasatempo de Betanzos, pois os días 2 e 3 de marzo, en diversos medios de comunicación informaron que o Goberno provincial a través do seu presidente acadara un acordo co Goberno municipal de Betanzos para afrontar, xunto coa colaboración da Xunta de Galicia, unha serie de obras de rehabilitación no parque de Pasatempo, ese patrimonio desgraciadamente esquecido, e que como non se poñan os medios que se terían que ter posto xa hai moitos anos, desgraciadamente perderemos.

Ditas novas recollían que o acordo consistía nun reparto dos custos do proxecto, cunha proporción dun 45% que correría a cargo da Deputación, outro 45% a cargo da Xunta de Galicia, e un 10% do Concello de Betanzos, achegando entre as tres administracións, un total de 1,3 millóns de euros, segundo sempre o recollido na prensa. En virtude destes antecedentes presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral: En que estado de tramitación se atopa o dito convenio?, ten pensado o Goberno provincial algún tipo de presentación pública aos grupos que conforman esa Corporación no proxecto deseñado polos técnicos e técnicas aos que foi encargado o dito Plan?, e por último, ten previsto o Goberno provincial instar á Xunta de Galicia a que avance na tramitación da declaración do parque de Pasatempo como ben de interese cultural?

#### Sr. Requeira Varela

Bo día. O compromiso da Deputación está ben clariño. Nós consideramos que o ben é un ben de interese cultural, aínda que non teña a declaración como tal e, polo

tanto, o noso compromiso co concello está a axudar a instar a que a administración competente nesa declaración o tome en conta e o declare o antes posible, polo tanto por unha banda non hai ningún problema, e cando o Concello nos requira axuda ou colaboración para instar á declaración non dubidamos en que lla imos prestar. En todo caso o que fixo esta administración foi comprometer algo con sentido común, creo eu, que a administración responsable, que non é esta, que é outra, é dicir, esta administración ten que pedir competencias delegadas cando quere acometer calquera cuestión relacionada co patrimonio, o que dixó foi que no momento oportuno, cando a Xunta de Galicia comprometa a súa participación na recuperación do Pasatempo, do recurso, nós achegaríamos un 45%, outro 45% a administración autonómica, e un 10% o Concello.

En todo caso si é certo que nós comprometemos que o noso diñeiro cando faga falta vai estar, pero curiosamente a outra administración aínda non tivo a ben, ata o día de hoxe, segundo as miñas novas, non tivo a ben recibir o Goberno da Corporación municipal, si recibiu a unha forza da oposición, pero ao Goberno non. En todo caso, para que exista esa colaboración, ese convenio, ten que haber unha solicitude de parte, de momento esa solicitude de parte non a houbo. E logo hai unha das restantes preguntas que realmente non entendo ou non está ben expresada.

Estamos falando dunha obra ou dun proxecto municipal. Hoxe aquí aprobamos multitude de proxectos municipais, un deles un carril bici na cidade da Coruña, ninguén nos insta nunca a presentar proxectos de ningún tipo, que son proxectos municipais, en todo caso ten que ser a administración municipal, neste caso o Concello de Betanzos, quen promova a participación pública, a exposición pública dese proxecto para que participen as forzas políticas e as persoas interesadas, en todo caso non deberemos ser nós quen o fagamos. Nós colaboramos con multitude de iniciativas de todos os concellos e os expedientes cando se comprometen os diñeiros figuran para que os coñezamos todos os corporativos e as corporativas, os avaliemos e os votemos, e así ten que ser tamén no caso de Betanzos, evidentemente, como se fai absolutamente con todos porque o proxecto non é un proxecto desta administración, en todo caso é un proxecto da administración local dese concello. Nada máis.

#### Sr. Dios Diz

Bo día, grazas, Sr. Presidente. En diversas ocasións este Grupo, Compostela Aberta, e outros Grupos, expresamos a necesidade de que a Deputación provincial procedese a elaborar un plan de grandes cidades en atención ás necesidades específicas daqueles concellos da nosa provincia que contan con máis de 50.000 habitantes. Desde o convencemento de que a Deputación provincial, tal e como fixa o ordenamento xurídico, debe de servir para apoiar ás entidades locais de menor poboación, cómpre lembrar que máis dun terzo da poboación da provincia reside nas cidades de Ferrol, Santiago de Compostela e A Coruña, no caso da segunda temos ademais o plus da capitalidade galega, un feito diferencial, do cal nos sentimos orgullosos, pero que implica un maior gasto polas responsabilidades que implica. Tanto no debate orzamentario a finais de 2016 como en momentos posteriores, se nos anunciou que o goberno estaba a elaborar un plan específico para a colaboración coas tres cidades. Diante desta situación formulo a seguinte pregunta: Cal é a previsión do Goberno provincial respecto da elaboración dun Plan de grandes cidades?, moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

Hai dous retos que temos por diante, había tres grandes, eu creo que en relación coa forma de relacionarse esta administración coas administracións locais, un deles xa o aprobamos cun amplo respaldo, aínda que non unánime, que foi o POS+ onde estamos dando un paso adiante na maneira de entender o financiamento local por parte desta administración.

En todo caso si hai dous compromisos claros, ou dos compromisos que aquí se reiteraron en varias ocasións, como ben di o portavoz de Compostela Aberta, un é o relacionado co Plan de apoio ás mancomunidades, entidades locais asociadas e consorciadas, e outro é tamén, eu non lle vou chamar un plan porque estamos barallando outra nomenclatura, un convenio marco de relación desta administración coas tres grandes cidades.

Non debemos de esquecer que as deputacións están sobre todo, e aquí díxose en múltiples ocasións, para asistir aos concellos de menor capacidade económica e menos capacidade administrativa. Polo tanto, esa é a primeira cuestión que temos que ter en conta pero, evidentemente, os deputados e as deputadas que estamos hoxe aquí, moitos de nós, somos de concellos de máis de 20.000 habitantes, iso é un feito e unha realidade constatable. Si é certo que a Deputación está axudando xa pola vía que hai artellada, tanto A Coruña, hoxe mesmo aprobamos un proxecto para a cidade da Coruña de 1.400.000 euros, se non me equivoco, máis ou menos esas cifras, polo tanto esa colaboración xa existe, pero si é certo que o que solicita Compostela Aberta é un compromiso do Goberno e existirá un acordo marco de colaboración coas cidades, e eu creo que debería de estar rematado para que fora firme xa para a anualidade de 2018. Agora mesmo cando o Goberno do Estado aprrobe os orzamentos e esta administración poida incorporar remanentes, sacaremos adiante e presentámoslles aos Grupos, como xa fixemos tamén no seu momento co POS+ para que poidan enriquecer e mellorar os textos que nós formulamos, o Plan de axudas a mancomunidades, consorcios e entidades locais asociadas, e tamén o Plan, ou o acordo marco de relación desta administración coas tres grandes cidades da provincia. Nada máis.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e quince minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.